

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL
DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2024.**

Ás 10.00 horas do día 26 de abril de 2024, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto sétimo, e non regresou.

A deputada do BNG, dona María José Mangana Guede, ausentouse do salón de sesións durante o debate do punto undécimo non participando na votación do dito punto, regresando posteriormente.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE MARZO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de marzo de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 22 de marzo de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- ADHESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS CON MOTIVO DO DÍA NACIONAL DA CONVENCIÓN INTERNACIONAL SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O Sr. Presidente dá lectura á declaración institucional da Federación Española de Municipios e Provincias con motivo do día nacional da Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

Por acordo unánime de todos os grupos políticos da Corporación, apóiase a dita declaración co seguinte contido:

A Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas é un tratado internacional que protexe os dereitos das persoas con discapacidade, foi aprobada o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas (ONU). España ratificouna o 3 de decembro de 2007 e o 3 de maio de 2008 entrou en vigor, pasando a formar parte do seu ordenamento xurídico.

A Convención é o tratado internacional que recolle os dereitos humanos e liberdades das persoas con discapacidade, así como as obrigacións dos estados para promover, protexer e garantir que as persoas con discapacidade gocen plenamente e en igualdade de condicións de todos os dereitos e liberdades fundamentais e promovan o respecto de dignidade inherente.

O obxectivo é conmemorar e recoñecer a importancia deste instrumento normativo internacional que supuxo a consolidación do enfoque de dereitos humanos das persoas con discapacidade, que son consideradas como suxeitos titulares de dereitos polo que as administracións públicas están obrigadas a garantir que o exercicio destes sexan plenos e efectivos.

O 10 por cento da poboación mundial son persoas con discapacidade, que non se resignan á súa situación de relegación e mesmo de marxinação e que reclaman os seus dereitos, a súa plena cidadanía. As persoas con discapacidade son suxeitos, titulares de dereitos, participativos e responsables, que asumen a dirección total e completa da súa vida persoal e social.

A Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas produciu cambios na lexislación española, o máis importante é o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, que aprobou o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Este Real decreto recoñece ás persoas con discapacidade unha serie de dereitos e ademais, garante as condicións básicas en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

A FEMP, comprometida cos principios da Convención e en representación do compromiso e os intereses das entidades locais que representa aprobou a constitución da Comisión de Políticas Integrals de Discapacidade co fin de promover políticas públicas de discapacidade dirixidas á inclusión, dereitos e benestar destas persoas e as súas familias, políticas locais esixentes e respectuosas co modelo de dereitos humanos que deben concibirse e despregarse conforme ao paradigma da Convención.

Neste ano no que os gobernos locais e a FEMP celebramos a modificación do artigo 49 da Constitución Española, adecuándoo á realidade social e á normativa internacional, e que reflicte o enfoque de dereitos e de inclusión ao que España se comprometeu ratificando a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, chamamos a atención aos gobernos locais para formular as súas políticas a partir de sete piares de inclusión:

- 1. Non Discriminación: Asegurar que todas as persoas, independentemente da súa discapacidade, teñan acceso equitativo aos servizos e infraestruturas e ao emprego, promovendo un contorno libre de barreiras físicas, sociais e dixitais.*
- 2. Participación Activa: Fomentar a inclusión das persoas con discapacidade no deseño, implementación e avaliación das políticas públicas que afectan ás súas vidas.*
- 3. Accesibilidade Universal: Adoptar medidas concretas para garantir a accesibilidade en todos os ámbitos da vida pública, eliminando as barreiras arquitectónicas, de comunicación e actitudinais.*
- 4. Capacitación e Educación: Promover programas de formación que incrementen a concienciación e comprensión sobre os dereitos das persoas con discapacidade, fortalecendo a capacidade da sociedade civil para participar en procesos decisivos.*
- 5. Cambio de Percepcións: Traballar activamente en cambiar as actitudes sociais e combater os estereotipos negativos cara ás persoas con discapacidade.*
- 6. Igualdade de Xénero: Integrar unha perspectiva de xénero en todas as políticas e accións relacionadas coa discapacidade, prestando especial atención ás necesidades das mulleres e nenas con discapacidade.*
- 7. Función Pública. Promover unha nova regulación regulamentaria do acceso ao emprego público das persoas con discapacidade, que actualice o marco normativo vixente, que data de hai vinte anos, e que presenta claros desfasamentos e insuficiencias.*

Este 3 de maio, renovamos a nosa chamada a todos os sectores da sociedade para que se unan neste compromiso común. Traballando xuntos, podemos construír unha comunidade máis inclusiva e resiliente que recoñeza e celebre a diversidade humana en todas as súas formas, asegurando que ninguén quede atrás.

3.- MODIFICACIÓN DA DATA DE REALIZACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO MES DE MAIO DE 2024

Este asunto foi ditaminado favorablemente na Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

Prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, fai uso da palabra para expoñer resumidamente o contido da proposta da Presidencia que foi previamente consensuada con todos os grupos políticos da Corporación. Trátase de mudar a data das comisións informativas do mes de maio, fixadas para o día 22, data na que se celebra a festividade de Santa Rita, patroa dos funcionarios, de tal modo que terán lugar todas o día 23, xoves, a partir das 16.30 horas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Modificar a data de realización das comisións informativas correspondentes ao mes de maio de 2024, que terán lugar todas o día 23, xoves, a partir das 16.30 horas, e coa seguinte orde:

Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias

Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos

Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural

Políticas Sociais

Turismo, Termalismo e Medio Ambiente

Cultura, Educación, Deportes e Mocidade.

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERÍODO 2024-2027

Este asunto foi ditaminado favorablemente na Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

Prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervencións de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, comeza sinalando que se trata da aprobación definitiva do plan estratéxico de subvencións para este mandato 2023-2027, que xa fora aprobado inicialmente por este Pleno. No trámite de información pública presentáronse vinte e catro alegacións polo grupo do BNG e dúas polo grupo socialista. Das presentadas polo BNG acéptanse sete totalmente, dúas parcialmente e o resto desestímanse, e

as dúas presentadas polo Grupo Socialista estímanse parcialmente. O grupo de goberno co asesoramento do secretario xeral presenta unha proposta agora de consenso e que entendemos que cumpre e recolle as demandas de todos os grupos. Establece sete liñas estratéxicas que serán unha guía para a elaboración dos orzamentos de cada exercicio do mandato e que agarda se pida mellorar no seu ámbito temporal de aplicación.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, intervén para indicar que parece ser que os grupos da oposición se van a abster e con iso facilitar a aprobación deste plan estratéxico da Deputación e do INORDE, cando BNG, PS de G-PSOE e DO estamos de acordo en que o INORDE non debería de existir. Xuntamos entre os tres grupos 13 votos neste Pleno, polo que non entende o voto dos restantes grupos. Lembra que a Deputación de Lugo suprimiu todos os “chiringuitos” que tiña xa fai anos, e cre que nesta Deputación deberíamos facer o mesmo.

1ª intervención de Xosé Manuel Puga González de BNG, comeza preguntando a Democracia Ourensana se se confundiron de punto no debate, xa que a modificación orzamentaria do INORDE trátase despois. Coincide en que a suma dos tres grupos é máis que o grupo de goberno, pero iso tíñano que haber pensado antes. No ánimo de mellorar o reparto dos fondos desta Deputación o BNG presentou as alegacións comentadas pola vicepresidenta, e lembra que o seu grupo insiste na extensión dos procedementos de concorrência competitiva a todos os ámbitos posibles, deixando a concesión de subvencións nominativas a algo residual. Quizás a alegación aceptada máis importante é a que fai referencia aos orzamentos da Deputación e a esa intención de que o plan CooperOU chegue ao 25% dos orzamentos, e parece que por aí vai a andar a final de mandato. Remata anunciando a abstención do grupo do BNG.

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, comeza lembrando que o Grupo Socialista trae iniciativas políticas a este plenario, e que lle sorprende que DO non as traia e sen embargo parece que lle quere poñer deberes aos outros grupos. Ademais lémbrale que para votar deben estar todos os deputados, e non debería haber ausencias. Sobre este plan estratéxico de subvencións e as alegacións do seu grupo, as dúas se recollen de forma parcial e suficiente para que o seu grupo se absteña e facilite a aprobación. A primeira e xa unha vella reivindicación do grupo socialista, relativa ao cofinanciamento dos cinco conservatorios profesionais de música dependentes dos concellos, e a segunda é relativa á concesión de subvencións polo INORDE a asociacións de comerciantes e empresarios, potenciándose a concorrência competitiva en detrimento das subvencións nominativas.

2ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, agradece a abstencións dos grupos do BNG e do PS de G-PSOE, e insiste en que este instrumento de planificación foi consensuado e negociado e que a súa vontade é seguir así noutros ámbitos porque facilita moito a xestión, tal e como quedou demostrado co Plan Cooperou.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, sinala que bota en falta determinadas subvencións a certo xornal, e lembra que grazas ao seu grupo político a Deputación ven de recuperar case que tres millóns de euros. Insiste en que non quere repetirse pero que moitas cuestións que se podían falar agora se falarán ao longo deste Pleno.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), o voto en contra de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (7) e do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Estimar as alegacións con números 2, 5, 9, 11, 14, 16 e 17 presentadas polo grupo provincial do **BNG** no seu escrito con **NRE 10133**, polos seguintes motivos:

. Alegación núm. 2: Esta alegación ten por obxecto modificar os obxectivos establecidos na liña D.1. Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, propondo a modificación da letra a), que ten como obxectivo garantir un nivel mínimo de investimento en infraestruturas de titularidade municipal, en particular nas relacionadas cos servizos mínimos obrigatorios, incrementando de forma moi significativa o nivel de investimento dos últimos anos a través do Plan de Cooperación, engadindo “co obxectivo de acadar o 25% do orzamento da Deputación ao final do actual mandato”. Considerando que se expón como unha vontade a acadar, que se comparte, e que en todo caso esta queda suxeita ás dispoñibilidades orzamentarias da Deputación, acéptase a alegación presentada, pasando a ter a seguinte redacción:

a) Garantir un nivel mínimo de investimento en infraestruturas de titularidade municipal, en particular nas relacionadas cos servizos mínimos obrigatorios, incrementando de forma moi significativa o nivel de investimento dos últimos anos a través do Plan de Cooperación, co obxectivo de acadar o 25% dos créditos iniciais do orzamento da Deputación ao final do actual mandato.

. **Alegación núm. 5:** Solicita tamén dentro do Plan de acción da liña D.1, modificar o apartado VIII, relativo aos convenios de cooperación coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e concellos da provincia para diversas actuacións en infraestruturas (abastecemento, saneamento e/ou depuración), engadindo a previsión de poder conveniar coa CH do Douro.

A alegación considérase procedente e oportuna, razón pola que se acolle a petición, quedando redactado do seguinte xeito:

VIII. Convenios de cooperación coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Confederación Hidrográfica do Douro, e concellos da provincia para diversas actuacións en infraestruturas (abastecemento, saneamento e/ou depuración).

Establécese a posibilidade de conveniar coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e a Confederación Hidrográfica do Douro, nos termos que se establezan, achegas cuxo destino sexa o investimento en infraestruturas municipais, razón pola que se inclúen na liña de cooperación ás obras e servizos municipais. Estas subvencións complementan o seu financiamento coas achegas da Confederación Hidrográfica con fondos propios e da Unión Europea para a creación destas infraestruturas. A regulación e condicións aplicables a estas subvencións establécese nos convenios de cooperación a través dos que se concederon, e noutros casos, establecerase nos convenios que se poidan subscribir.

. **Alegación núm. 9:** A presente alegación pretende igualmente a modificación do apartado XI do Plan de acción da liña D.1, relativo ao Programa de conservación e mantemento do patrimonio relixioso e cultural da provincia de Ourense, CONSERVOU, no sentido de engadir que os convenios con titulares de bens patrimoniais privados serán sempre a condición de que estea aberto e sexa accesible ao público en xeral.

A alegación considérase procedente e oportuna, razón pola que se acolle a petición, quedando redactado do seguinte xeito:

. **Alegación núm. 11:** Esta alegación pretende igualmente a modificación do apartado XIII do Plan de acción da liña D.1, relativo ao Programa de cooperación para a construción, mantemento e reforma de infraestruturas deportivas, engadindo que terán prioridade os concellos que teñan escolas de deporte base.

A alegación exposta considérase procedente e oportuna, e encaixa co fomento deportivo que pretende esta Administración provincial, razón pola que se acolle a petición, quedando redactado do seguinte xeito:

XIII. Programa de cooperación para a construción, mantemento e reforma de infraestruturas deportivas.

Nos últimos anos se veñen facendo unha serie de investimentos para a construción ou reforma de infraestruturas deportivas como poden ser a construción de campos de fútbol de herba sintética.

O goberno provincial creará un programa de cooperación que regule a cooperación das actuacións nestas infraestruturas, ou alternativamente consignará subvencións nominativas para esta finalidade, podendo conveniar o co-financiamento xunto con outras administracións públicas, e dando prioridade aos concellos que contan con escolas deportivas de deporte base, tanto si son dependentes do concello, como si dependen de clubs deportivos subvencionados polos respectivos concellos. O anterior enténdese sen prexuízo daqueles concellos que inicien calquera actividade de base e que non dispoñan de infraestruturas axeitadas, e que esta ausencia poida ser un impedimento para a execución de infraestruturas deportivas.

. Alegación núm. 14: Esta alegación trátase dunha corrección ortográfica, substituíndo “instrumentalizar” por “instrumentar”, na Liña D2, apartado III do Plan de Acción, a cal se acepta, pasando a ter a seguinte redacción:

III. Subvencións para festivais e actos similares de marcado carácter senlleiro na provincia.

Establécese a posibilidade de instrumentar a través de diferentes subvencións nominativas a entidades locais para a organización de festivais e actos culturais análogos de marcado carácter senlleiro e consolidado no ámbito cultural da provincia.

. Alegación núm. 16: Solicita, dentro do Plan de acción da liña D.2, modificar o apartado V, relativo ao Convenio coa Universidade de Vigo para a realización de actividades culturais, engadindo a previsión de poder conveniar coa UNED.

A alegación considérase procedente e oportuna, razón pola que se acolle a petición, quedando redactado do seguinte xeito:

V. Convenio coa Universidade para a realización de actividades culturais

A través dun convenio coa Universidade de Vigo regularase a concesión dunha subvención nominativa, por importe máximo de 220.000,00 €, destinada a financiar a realización de actividades culturais e de extensión universitaria no Campus de Ourense. Poderase incluír entre as finalidades subvencionadas a realización de programas de apoio á mobilidade dos estudantes do campus e a grupos de investigación do Campus de Ourense.

As concretas condicións da subvención regularanse no convenio, que deberá ser obxecto de negociación e aprobación pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do ano que corresponda.

Estudárase a posibilidade de conveniar en termos similares coa UNED de Ourense.

. Alegación núm. 17: Solicita, dentro do Plan de acción da liña D.2, modificar o apartado VII, relativo a subvencións nominativas a outras entidades, engadindo á Fundación Vicente Risco. Considerando que esta planificación toma como referencia as previstas no orzamento aprobado para o exercicio do ano 2024, e resulta que esta Fundación figura como beneficiaria, estímase procedente aceptar a alegación, quedando redactado do seguinte xeito:

VII. Subvencións nominativas a outras entidades.

Detállanse a continuación algunhas das previstas no orzamento aprobado para o orzamento do ano 2024.

- *Real Academia Galega.*
- *Achega ao premio Otero Pedrayo.*
- *Fundación Eduardo Blanco Amor.*
- *Fundación Otero Pedrayo.*
- *Pen Clube de Galicia.*
- *Coral da Ruada.*
- *Fundación Insúa dos Poetas.*
- *Fundación Curros Enríquez.*
- *Fundación Carlos Velo.*
- *Liceo de Ourense.*
- *Fundación Vicente Risco.*
- *Fundación Antón Losada Diéguez*

2º. Estimar parcialmente as alegacións con números 1 e 2 presentadas polo grupo provincial do **PS de G-PSOE** no seu escrito con NRE 9741, e **cos números 3 e 13** presentadas polo grupo provincial do **BNG** no seu escrito con NRE 10133.

. Alegación núm. 1 Grupo Socialista: Esta alegación do grupo provincial Socialista propón unha modificación no título II do Plan, letra D, apartado D1, punto 5º, epígrafe XIV, relativo ao “Programa de cooperación con concellos menores de 20.000 habitantes titulares de conservatorios profesionais de música”, propondo o cambio de denominación, pasando de

“conservatorios profesionais de música” a “conservatorios oficiais municipais de música”, así como unha dotación orzamentaria para este programa a través da vindeira modificación de crédito desta Deputación Provincial de Ourense con cargo ao remanente de tesourería, por importe de un millón de euros (1.000.000,00 €), cantidade que se manterá nos vindeiros exercicios orzamentarios.

Con respecto á denominación dos destinatarios do programa, a denominación oficial é a de “Conservatorios de música e danza de titularidade das entidades locais de Galicia”, segundo dispón o Decreto 223/2010, e que lles reconece ás corporacións locais a posibilidade de crear conservatorios de música ou de danza, correspondéndolle á consellería competente en materia de educación, a autorización dos devanditos centros que, en todo caso, deberán reunir as condicións establecidas no Real decreto 303/2010, do 15 de marzo, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinos artísticos regulados na Lei orgánica de educación.

Ademais do anterior, é vontade desta Deputación que a cooperación cos concellos neste ámbito se dirixa unicamente aos conservatorios dependentes dos concellos de menos de 20.000 habitantes. Para estes efectos, na modificación orzamentaria 1/2024 (SC e CE 1/2024), prevese unha consignación de subvencións nominativas que se someterá á decisión do pleno co seguinte detalle:

BENEFICIARIO		OBXECTO	IMPORTE
Conservatorio de música titularidade do Concello de O Barco de Valdeorras		Gastos de funcionamento	40.000,00 €
Conservatorio de música titularidade do Concello de O Carballiño		Gastos de funcionamento	40.000,00 €
Conservatorio de música titularidade do Concello de Ribadavia		Gastos de funcionamento	40.000,00 €
Conservatorio de música titularidade do Concello de Verín	Gastos de funcionamento	de	40.000,00 €
Conservatorio de música titularidade do Concello de Xinzo de Limia	Gastos de funcionamento	de	40.000,00 €

A razón da inclusión como nominativas no presente exercicio orzamentario ven motivada pola ausencia de crédito no orzamento corrente e a dificultade que suporía agardar a entrada en

vigor da modificación orzamentaria e posterior tramitación dun programa de cooperación cos concellos, en réxime de concorrència competitiva. Óptase por esta solución transitoria para garantir esta primeira e importante achega no exercicio de 2024, para, en posteriores exercicios, proceder a tramitar un programa de cooperación que poida valorar diferentes criterios para a concesión das axudas (número de alumnos, ensinanzas impartidas e outros).

Polo anterior dáselle unha nova redacción do parágrafo, que pasaría a ter a seguinte redacción:

XIV. Programa de Cooperación con concellos menores de 20.000 habitantes titulares de Conservatorios profesionais de Música.

Na nosa provincia temos un conxunto de concellos con “Conservatorios de Música” dependentes, que ofrecen ensinanza regrada e unha serie de titulacións oficiais en grados profesionais de musica en diferentes modalidades.

Estes Conservatorios de Musica de titularidade municipal, organizan, coordinan e imparten as ensinanzas conducentes á obtención de títulos, diplomas e certificados oficiais que fosen ou sexan autorizados, no ámbito das súas competencias pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, organismos e institucións competentes.

O mantemento desta actividade supón un esforzo económico e organizativo para os concellos titulares, atendendo ademais a alumnos doutros concellos converténdose en actividades comarcais. O deber do goberno provincial é colaborar coa conservación destes conservatorios e axudar ao fomento e mantemento destas actividades de recoñecido beneficio social e educativo.

A partir do exercicio de 2024, en que se fará unha primeira achega mediante subvención nominativa a cada un deles, elaboraranse unhas bases reguladoras para estas axudas de maneira que se teña en conta alumnos atendidos, modalidades ofertadas e outras variables que se poidan ter en conta.

. Alegación núm. 2: Nesta segunda alegación propónse unha redacción alternativa no título II, letra D, apartado D6, punto 5º, no seu epígrafe IV “Outras subvencións nominativas do INORDE para o desenvolvemento económico”.

Na redacción do PES aprobado inicialmente figuraban neste apartado subvencións nominativas á Federación de Comercio de Ourense, Asociación Centro Comercial Aberto de Ourense e á Confederación de Empresarios de Ourense. As dúas primeiras deben ser eliminadas desta previsión, pois non figuran con este carácter no orzamento do INORDE para o exercicio de 2024, nin na planificación prevista, xa que o obxecto de ambas ten encaixe no

concurso de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte os comerciantes, que anualmente convoca o propio INORDE. A única subvención nominativa que se prevé é á destinada á CEO, que entendemos xustificada por tratarse dunha entidade integrada por 80 asociacións empresariais e que engloba unha cifra próxima a 10.000 empresas, aglutinando con isto os intereses das súas asociacións e empresas, e das que actúa como representante e actor principal para fomentar a competitividade do tecido empresarial da provincia.

En todo caso, na liña do solicitado na alegación, estímase procedente facer unha engádegas no senso de potenciar as subvencións en réxime de concorrencia para asociacións de comerciantes e/ou empresarios para actividades de promoción nos seus respectivos ámbitos, todo en función das disponibilidades orzamentarias anuais do INORDE.

A estimación parcial desta alegación leva consigo tamén a eliminación do punto terceiro dos obxectivos estratéxicos desta liña.

Polo anterior proponse a estimación parcial desta alegación, dando unha nova redacción do parágrafo, que pasaría a ter a seguinte redacción:

IV. Outras subvencións nominativas do INORDE para o desenvolvemento económico.

Por esta vía poderán subvencionarse accións que non teñan encaixe noutras convocatorias e que polo seu carácter singular supoñan un pulo e se consideren unha aposta polo desenvolvemento económico provincial, como son as previstas no orzamento deste organismo autónomo destinada á Confederación de Empresarios de Ourense, así como outras que se poidan implementar ao longo do período da planificación de xeito excepcional e por causas xustificadas.

O anterior, establécese sen prexuízo de potenciar as subvencións do INORDE en réxime de concorrencia competitiva destinadas a Asociacións de comerciantes e/ou empresarios (previstas no apartado II do Plan de acción), para actividades de promoción nos seus respectivos ámbitos, valorándose criterios relativos ao número de asociados ou o número de campañas de promoción, entre outras, todo elo en función das disponibilidades orzamentarias anuais do INORDE.

. Alegación núm. 3 do BNG: Esta alegación solicita unha modificación do apartado IV, relativo ao Programa de financiamento para construción ou reforma de infraestruturas

destinadas a benestar social ou 3ª idade, dentro do Plan de acción da liña D.1, engadindo que será prioritario para concellos coa poboación máis avellentada e que só poderán acceder a estas axudas concellos nos que exista un servizo público similar.

Enténdese que a prioridade para concellos coa poboación máis avellentada é oportuna e conveniente, polo que se acepta, pero non á referencia á restrición para concellos nos que non exista previamente un servizo público similar, xa que esta restrición carece de motivación e fundamento.

Ao aceptarse parcialmente a alegación, a nova redacción é a seguinte:

IV. Programa de financiación para construción ou reforma de infraestruturas destinadas a benestar social ou 3ª idade.

Este programa de Cooperación destinarase á construción ou reforma de infraestruturas de carácter público destinadas a programas de benestar social como poden ser centros ocupacionais de discapacitados, casas comunitarias, centros de día, centros de apoio a drogodependentes, escolas, institutos, centros de formación, residencias xeriátricas de 3ª idade e infraestruturas que sexan de ben social. Neste programa a Deputación achegará o importe necesario e dispoñible, dándolles preferencia ás actuacións que sexan co-financiadas polos concellos ou outras administración e á actuación dos concellos coa poboación máis avellentada.

Este programa estará dotado nos orzamentos do ano 2024 da cantidade de 500.000€.

. Alegación núm. 13 do BNG: Esta alegación pretende igualmente a modificación do apartado XIV do Plan de acción da liña D.1, relativo ao Programa de cooperación con concellos menores de 20.000 habitantes titulares de conservatorios profesionais de música.

Como xa se explicou na alegación núm. 2 presentada polo grupo socialista, é vontade desta Deputación que a cooperación cos concellos neste ámbito se dirixa unicamente aos conservatorios dependentes dos concellos de menos de 20.000 habitantes. Para estes efectos, na modificación orzamentaria 1/2024 (SC e CE 1/2024), prevese unha consignación de subvencións nominativas que se someterá á decisión do pleno co seguinte detalle:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
Conservatorio de música titularidade do Concello de O Barco de Valdeorras	Gastos de funcionamento	40.000,00 €
Conservatorio de música titularidade do Concello de O Carballiño	Gastos de	40.000,00 €

	funcionamento	
Conservatorio de música titularidade do Concello de Ribadavia	Gastos de funcionamento	40.000,00 €
Conservatorio de música titularidade do Concello de Verín	Gastos de funcionamento	40.000,00 €
Conservatorio de música titularidade do Concello de Xinzo de Limia	Gastos de funcionamento	40.000,00 €

A razón da inclusión como nominativas no presente exercicio orzamentario ven motivada pola ausencia de crédito no orzamento corrente e a dificultade que suporía agardar a entrada en vigor da modificación orzamentaria e posterior tramitación dun programa de cooperación cos concellos, en réxime de concorrencia competitiva. Óptase por esta solución para garantir esta primeira e importante achega no exercicio de 2024, para, en posteriores exercicios, proceder a tramitar un programa de cooperación que poida valorar diferentes elementos (número de alumnos, ensinanzas impartidas e outros).

Ao aceptar parcialmente a alegación dáse unha nova redacción do parágrafo, que pasaría a ter a seguinte redacción:

XIV. Programa de Cooperación con concellos menores de 20.000 habitantes titulares de conservatorios profesionais de musica.

Na nosa provincia temos un conxunto de concellos con “Conservatorios de Música” dependentes, que ofrecen ensinanza regrada e unha serie de titulacións oficiais en grados profesionais de musica en diferentes modalidades.

Estes Conservatorios de Musica de titularidade municipal, organizan, coordinan e imparten as ensinanzas conducentes á obtención de títulos, diplomas e certificados oficiais que fosen ou sexan autorizados, no ámbito das súas competencias pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, organismos e institucións competentes.

O mantemento desta actividade supón un esforzo económico e organizativo para os concellos titulares, atendendo ademais a alumnos doutros concellos converténdose en actividades comarcais. O deber do goberno provincial é colaborar coa conservación destes conservatorios e axudar ao fomento e mantemento destas actividades de recoñecido beneficio social e educativo.

A partir do exercicio de 2024, en que se fará unha primeira achega mediante subvención nominativa a cada un deles, elaboraranse unhas bases reguladoras para estas axudas de

maneira que se teñan en conta alumnos atendidos, modalidades ofertadas e outras variables que se poidan ter en conta.

3º. Desestimar as alegacións con números 1, 4, 6, 7, 8, 10, 12, 15, 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24, presentadas polo grupo provincial do BNG no seu escrito con NRE 10133, polos seguintes motivos:

. **Alegación núm. 1:** Nesta primeira alegación do grupo do BNG, propónse modificar a redacción do ámbito de aplicación e alcance das determinacións do Plan, no sentido de que as desviacións detectadas respecto ás previsións do plan serán recollidas no informe de avaliación para coñecemento do Pleno, engadindo tamén a súa aprobación.

Entendemos que esta alegación debe ser desestimada, xa que a Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, a Lei xeral de subvencións e a Lei de subvencións de Galicia non contemplan o trámite proposto de aprobación da avaliación da planificación. Neste sentido, é o propio Plan o que instrumenta esta avaliación, mediante un informe que se elabora á finalización do seu ámbito temporal e que debe servir, como indica o propio plan, para a futura planificación, sen que sexa precisa a súa aprobación por ningún órgano de goberno provincial, en particular polo pleno.

. **Alegación núm. 4:** Solicita tamén dentro do Plan de acción da liña D.1, modificar o apartado V relativo ao Programa provincial de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos e mancomunidades en materia de servizos sociais comunitarios (BenOurense), engadindo no relativo á contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, o parágrafo “...con criterio de transparencia, mérito e capacidade...”.

A modificación proposta ven xa prevista de seu na lexislación de emprego público aplicable ás contratacións ou nomeamentos de persoal que realicen as EELL, e non lle corresponde a esta Deputación fiscalizar os ditos procesos selectivos, razón pola que non se acepta a referida alegación.

. **Alegacións núms. 6 e 7, de tratamento conxunto:** Estas dúas alegacións solicitan incluír nos apartados IX e X do Plan de acción da liña D.1, relativos a subvencións nominativas, unha referencia a que se priorice aos concellos que no histórico dos últimos dez anos menos recibiran.

Este grupo de goberno entende que a planificación, xestión e concesión de subvencións que fixeron os anteriores gobernos provinciais non debe condicionar a planificación actual e futura

deste novo goberno, a cal ven marcada polo cambio de dirección que supón a aprobación do novo Plan CooperOU, razón pola que non se considera oportuno a inclusión do criterio proposto.

. **Alegación núm. 8:** A presente alegación pretende a modificación do apartado XI do Plan de acción da liña D.1, relativo ao Programa de conservación e mantemento do patrimonio relixioso e cultural da provincia de Ourense, CONSERVOU. Neste regúlase unha comisión paritaria de análise e decisión dos bens sobre os que se actuará, e que estará formada por membros das institucións asinantes dos convenios e técnicos que orientarán sobre as actuacións para realizar. A alegación solicita que na referida comisión participen todos os grupos políticos da Deputación.

Dada a composición prevista para esta comisión (Deputación, Xunta, Estado, Bispados), considérase que esta Deputación debe concorrer cunha única voz e voto, todo isto sen prexuízo de atender as suxestións que os grupos provinciais poidan formular e dando conta das reunións que se realicen.

. **Alegación núm. 10:** Esta alegación pretende igualmente a modificación do apartado XII do Plan de acción da liña D.1, relativo ao Programa de cooperación para a adquisición de mobiliario público aos concellos da provincia, engadindo que o mobiliario debe ter en conta o entorno, para non considerar feísmo, e ter en conta as necesidades das persoas con diversidade funcional.

As peticións formuladas considéranse acaídas, e estas deben ser tidas en conta á hora de contratar as subministracións deste mobiliario, se ben non se considera procedente a súa inclusión neste plan estratéxico, debendo ser as prescricións técnicas que detallen o mobiliario as que especifiquen as súas características técnicas, cores, materiais e empregar etcétera.

. **Alegación núm. 12:** : Esta alegación pretende igualmente a modificación do apartado XIII do Plan de acción da liña D.1, relativo ao Programa de cooperación para a construción, mantemento e reforma de infraestruturas deportivas, engadindo que terán prioridade os concellos nos que o investimento se realice por primeira vez.

Respecto a esta alegación, e como xa se dixo, este grupo de goberno entende que a planificación, xestión e concesión de subvencións que fixeron os anteriores gobernos provinciais non debe condicionar a planificación actual e futura deste novo goberno, razón pola que non se considera oportuno a inclusión do criterio proposto.

. **Alegación núm. 15:** Esta alegación trátase dunha adición na Liña D2, apartado IV do Plan de Acción, relativo ao Concurso de subvencións para realización de actividades culturais e recreativas. A adición proposta consiste na introdución dun parágrafo que di “...establecerase unha liña de axudas por concorrència competitiva para as actividades lúdicas de recoñecido impacto na provincia, tales como festas de interese turístico, con criterios de duración, número de participantes...”.

Sobre esta alegación, e posto que se trata dunha convocatoria de axudas dirixida exclusivamente a entidades sen ánimo de lucro, e a través do procedemento de concorrència competitiva para realización de todo tipo de actividades culturais ou recreativas, debemos sinalar que se ben se comparte o espírito e o fondo desta, deben ser as bases reguladoras do procedemento as que recollan as observacións realizadas, as cales se consideran oportunas, especialmente á referencia a eventuais declaracións das festas como de interese turístico.

. **Alegación núm. 18:** Esta alegación afecta á liña D.3 (fomento do deporte), engadíndolle ao encabezado do Plan de Acción que as subvencións que integran esta liña de actuación instrumentaranse a través das seguintes accións, tendo sempre en conta que os beneficiarios de subvencións nominativas non poderán ser beneficiarios de subvencións de concorrència competitiva.

Sobre o contido da alegación, se ben se comparte o seu fondo, entendemos que non pode aceptarse unha redacción formulada de xeito xenérico, xa que é posible que unha mesma entidade ou club poida ser beneficiario polas dúas fórmulas indicadas (concorrència e nominativa), sempre que non exista identidade no obxecto.

Ademais, unha previsión en termos similares, xa se recolle no concurso de subvencións para entidades deportivas, onde a cláusula décimo sexta sinala que “...*As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada. Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, sempre que se concederan a través de procedementos de concorrència competitiva e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada...*”.

. **Alegacións números 19 e 20, de tratamento conxunto:** Estas dúas alegacións afectan á liña D.3 (fomento do deporte), propondo que no apartado II do Plan de Acción, relativo á subvención cuxo beneficiario é o Club Ourense Baloncesto, se engadan como condicións o uso do idioma galego no material gráfico e nas locucións dos eventos deportivos, e que este club deba participar en eventos sociais que lle requira a Deputación de Ourense.

Se ben as observacións realizadas se consideran axeitadas e procedentes, estímase conveniente fixar as condicións no acordo de concesión das subvencións, e tendo en conta no relativo ao emprego da lingua galega, que se formulará unha recomendación (que non obrigación) neste sentido, consonte coas competencias atribuídas a esta Administración pola Lei de normalización lingüística de Galicia e a Lei de administración local de Galicia.

. **Alegación núm. 21:** Nela solicitan a eliminación do apartado VIII (outras subvencións nominativas), co seguinte tenor literal: En función das solicitudes e necesidades detectadas na provincia prevese que esta liña se manteña ao longo do período da presente planificación, co obxectivo de acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento, así como cooperar cos clubs da provincia que destaquen e compitan en ámbitos superior ao autonómico e requiran de maior apoio institucional.

Enténdese que a inclusión deste apartado dentro da planificación do fomento do deporte é oportuna e axeitada. Sen prexuízo de que no período 2024-2027 se trate de potenciar economicamente o concurso de subvencións para entidades deportivas tramitado polo procedemento de concorrència competitiva, dotando a este de maior orzamento, e incluso establecer unha nova liña destinada a clubs semiprofesionais ou profesionais que compitan en categoría de ámbito nacional, estímase oportuno deixar a previsión do apartado VIII para atender a necesidades excepcionais que poidan xurdir ou que teñan difícil encaixe nos procedementos de concorrència.

. **Alegación núm. 22:** Na presente alegación, relativa á liña D4 (reto demográfico), no apartado II, relativo ao Programa EmprendOU, preténdese substituír o procedemento de concorrència non competitiva polo de concorrència competitiva.

Respecto a esta alegación debemos sinalar que este Programa, o cal está financiado exclusivamente con fondos propios da Deputación Provincial de Ourense, contempla a tramitación das subvencións polo procedemento de concorrència non competitiva. Desta forma é posible manter aberto un amplo prazo para posibilitar a obtención de subvencións con cargo a este Programa. Optar por un réxime de concesión das subvencións en concorrència

competitiva implicaría ter que dar un prazo acoutado para a presentación de solicitudes e considerar a comparación entre aquelas que soliciten en tempo e forma as axudas, coa necesidade de facer unha comparación e ponderación, ata a concesión das axudas e posterior pago destas. O sistema previsto actualmente nas bases reguladoras permite outorgar unha axuda equiparable cun primeiro ingreso de salario, tomándose como referencia a contía do SMI, para aquelas emprendedoras que se estean iniciando. Defínese un procedemento para a súa obtención moi sinxelo e realízase o trámite administrativo de concesión e pago en sete (7) días. Con isto perséguese que a emprendedora teña este primeiro ingreso case de forma inmediata. Por outro lado, manter o crédito aberto permite que as iniciativas emprendedoras teñan posibilidade de optar a esta axuda durante todo o ano. Todo isto fai que se considere importante esta posibilidade de presentación de solicitudes todo o ano, xa que que as canles de información para o emprendemento non sempre son fáciles de localizar, e máis no caso de axudas certamente novidosas, como esta. Este grupo de goberno, co asesoramento as área de Benestar, entende que limitar prazos para presentación das axudas podería excluír a moitas emprendedoras por falta de información, razón polo que non se acolle esta pretensión.

. **Alegación núm. 23:** Esta alegación, relativa á liña D5 (fomento do benestar social), no apartado II/, relativo ao Concurso de subvencións para fomento do termalismo social, formula unha adición dos criterios de “discapacidade e sanidade” como criterios de concesión.

Respecto disto, debemos ter presente que as bases do ano 2024 recollen como novidade o programa de “termalismo inclusivo” que ven sumarse aos programas de termalismo social e cultura termal que se levan desenvolvendo nos últimos dez anos. A este programa de “termalismo inclusivo” poderán optar todas aquelas persoas que teñan diversidade funcional, sendo a súa finalidade adaptar as terapias termais aos condicionantes sanitarios ou convivenciais que tales colectivos precisen para poder acceder a estas instalacións e/ou terapias en condicións de seguridade e de alto benestar. Debemos ter en conta que as instalacións termais teñen consideración de centros sanitarios e as posibilidades de acceder ás súas terapias teñan condicionantes neste sentido. Por isto é polo que, no ano 2024, se regula un programa concreto e coas especificidades necesarias para que as persoas con discapacidade poidan acceder. Ademais deste programa dirixido a colectivos con discapacidade, recóllese igualmente nas bases reguladora o “Programa termal contra a soidade non desexada”, co fin de que de forma colectiva, reiterada a extensa no tempo, as persoas que cumpran tales características teñan un programa termal e social para combater a soidade non desexada. Polo

exposto considérase que os criterios propostos xa están recollidos nos concursos e programas desta liña D5.

. **Alegación núm. 24:** Nesta alegación, relativa á liña D6 (Fomento do desenvolvemento económico da provincia), solicítase a cuantificación dos apartados II, III e IV, relativos ao Concurso de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte os comerciantes, a. Subvención á Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), e outras subvencións nominativas do INORDE para o desenvolvemento económico.

Sobre esta debemos indicar que a punto II xa aparece cuantificado economicamente no orzamento do INORDE (e integrado no orzamento xeral provincial), ao igual que debe suceder coa subvención nominativa para a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense e calquera outra que se poida prever. Considerase oportuno que a planificación non recolla e concrete os importes, debendo ser en todo caso o Consello Reitor do organismo autónomo INORDE en primeiro lugar, e o Pleno provincial en segundo lugar, os que, en virtude dos acordos de aprobación dos orzamentos do Instituto e dos orzamentos provinciais, os que decidan en cada exercicio as subvencións e o seu importe, e que teñan inclusión nestas liñas.

4º.- Aprobado definitivamente o Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o período 2024-2027, co seguinte contido:

-PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERÍODO 2024-2027.

I. MEMORIA XUSTIFICATIVA

A vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, cuxo texto consolidado aprobado definitivamente se publicou no BOP núm. 260 de data 12.11.2015 establece no seu Título III (artigos 12-14), baixo a rúbrica “do plan estratéxico de subvencións”, a obriga desta Deputación de elaborar e aprobar un plan estratéxico de subvencións, como instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto

o fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, co contido mínimo e réxime de tramitación, aprobación, seguimento e avaliación alí recollido.

Nesta Ordenanza provincial atópase unha regulación específica da planificación estratéxica das subvencións provinciais, contida no seu citado Título III, regulación que intenta adaptar ás peculiaridades da Administración provincial a regulación xeral contida con carácter xeral nos artigos 8 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, que carecen dun desenvolvemento regulamentario específico para as entidades locais.

Entre outros aspectos, o Título III da Ordenanza provincial recolle expresamente no seu artigo 12 o carácter preceptivo dos plans estratéxicos como requisito previo para a concesión de subvencións, carácter que viña recollido nos artigos citados da lexislación estatal e autonómica e que foi interpretado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, en sentenzas do 26 de xuño e 4 de decembro de 2012, e recentemente na sentenza de 9 de maio de 2022, do seguinte xeito “...o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe un instrumento de planificación de políticas públicas que teñan como obxectivo o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, cuxa aprobación, con carácter previo á regulación da subvención, resulta esixible, de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, e o artigo 10 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei xeral de subvencións, de onde se infire que se configura como un requisito esencial do procedemento subvencionaria...”, e que “...dado o teor dos apartados 1 e 3 do artigo 8 e da Disposición adicional 13ª da Lei 38/2003, o Plan Estratéxico ao que se refire ten carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constituíndo un requisito esencial cuxo cumprimento esixe que sexa formalizado externamente e cun contido que o faga identificable como tal por reflectir polo menos aquilo ao que alude o apartado 1 dese artigo 8...”.

En consecuencia, a aprobación dun plan estratéxico, co contido e obxectivos sinalados na ordenanza, resulta unha necesidade ineludible para posibilitar a concesión de subvencións nos vindeiros exercicios tanto por parte da Deputación como por parte do INORDE.

No relativo ao ámbito temporal, unha adecuada planificación estratéxica esixe, non só un ámbito obxectivo e subxectivo adecuado, senón unha extensión temporal que permita que esta despregue todos os seus efectos. En tal sentido, o art. 11.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo,

polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións dispón que os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres (3) anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente. Deste xeito, nada impediría a aprobación de plans estratéxicos de vixencia distinta (tanto inferior como superior) aos tres anos, aínda que iso deberá estar suficientemente motivado.

Nesta liña e como xa se fixo no mandato anterior (2019-2023), óptase por facer unha planificación a longo prazo, con perspectiva de toda a lexislatura e que abranga o presente mandato e con isto os exercicios económicos 2024, 2025, 2026 e 2027, cumpríndose en todo caso os prazos establecidos no artigo 12.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións que establece un período de vixencia mínimo dun ano e máximo de catro.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico require a consignación orzamentaria e a aprobación, no seu caso, das correspondentes bases da convocatoria ou, en casos específicos, o acordo ou convenio que aprobe a concesión directa. As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con achegas suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se teña previsto na respectiva convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

*Polo anterior, procedeuse á elaboración do presente plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial e do INORDE para os exercicios **2024-2027**, co contido mínimo previsto no artigo 12.3 da repetida Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación, partíndose de que este se concibe, dada a súa natureza e configuración legal, como un instrumento programático. Non obstante, establécese un nivel mínimo de vinculación co plan, en dous sentidos: en primeiro lugar, prohibindo a concesión de subvencións para liñas de acción non previstas no plan, e, en segundo lugar, establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións. Todo o anterior debera redundar nun maior control do gasto público, polo que o Plan Estratéxico debe ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que, sobre criterios de eficacia, se rendibilicen os recursos que polas circunstancias poden verse limitados.*

*O Plan estrutúrase en **SETE LIÑAS DE ACCIÓN** iniciais (1. Cooperación coas entidades locais, 2. Fomento da cultura, 3. Fomento do deporte, 4. Reto demográfico 5. Fomento do benestar social, 6. Fomento do desenvolvemento económico e 7. Fomento do asociacionismo veciñal), en coherencia coas competencias provinciais e coas previsións dos orzamentos xerais da Deputación Provincial para o exercicio 2024, que foi aprobado pola Corporación Provincial na sesión plenaria de data 24.11.2023 e publicado no BOP núm. 296 de data 28.12.2023.*

II. DETERMINACIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERIODO 2024-2027.

A) Ámbito de aplicación e alcance das determinacións do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027.

1. As determinacións contidas no presente plan estratéxico serán de aplicación á totalidade dos procedementos de concesión e xustificación de subvencións xestionadas e financiadas pola Deputación Provincial de Ourense e o Inorde ao longo dos exercicios incluídos no seu ámbito de aplicación.

2. En coherencia co carácter programático do plan, cuxo contido non crea dereitos nin obrigacións e queda condicionado á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo ás disponibilidades orzamentarias do exercicio, as súas determinacións teñen o carácter de orientacións estratéxicas que deben seguirse na xestión dos procedementos correspondentes polos órganos e unidades administrativas competentes da Deputación Provincial e do INORDE. Estas orientacións estratéxicas vincularán con carácter xeral aos órganos da Deputación, nos seguintes termos:

a) Non poderán concederse subvencións para finalidades non comprendidas nas liñas de subvención previstas no presente Plan, agás nos supostos de subvencións que se concedan para a atención de situacións sobrevidas de catástrofe ou calamidade pública, ou por outras causas de interese público, ou no suposto en que xustifiquen a existencia dun título competencial contido nunha norma con rango que lei que habilite á Deputación ou aos seus entes públicos dependentes para a concesión de subvencións coa finalidade de que se trate. En ámbolos dous casos, debe motivarse esta circunstancia.

b) Porén do anterior, nos supostos en que os órganos xestores do plan consideren necesario apartarse das orientacións estratéxicas que este contén, deberán motivalo suficientemente. As desviacións respecto ás previsións do plan serán recollidas no informe de avaliación para coñecemento do Pleno.

3. Establécese a posibilidade da tramitación anticipada das diferentes liñas de subvención, condicionada, en todo caso, á aprobación definitiva do presente Plan Estratéxico de Subvencións.

B) Principios inspiradores da presente planificación estratéxica

A vixente normativa reguladora das actuacións das administracións públicas en xeral e, en particular no que atinxe ás competencias das deputacións provinciais –Lei 5/1997 de administración local de Galicia e Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local– establece unha serie de principios que veñen a constituír a expresión formal dos elementos definidores do presente Plan Estratéxico de Subvencións, e que constitúen a formulación das directrices xerais que deben impregnar a execución da política de subvencións da Deputación.

Xa que logo, os principios xerais en que se concretará a acción de fomento desta administración serán principalmente os seguintes:

- Igualdade, entendida como a non discriminación ou marxinación de cidadáns, administracións ou sectores.*
- Asistencia e cooperación aos entes locais da provincia, configurando a acción provincial para dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello da nosa provincia de menos 20.000 habitantes e reforzando a súa autonomía e responsabilidade cunha achega económica suficiente.*
- Solidariedade, entendendo a acción social como expresión da xustiza social, a redistribución e actuación dos recursos de forma equitativa e a discriminación positiva.*
- Fomento da iniciativa social, dando especial importancia á colaboración das entidades privadas na xestión dos intereses que lle son propios.*
- Transparencia, como a vontade desta Deputación por ter informados aos cidadáns e entidades locais das súas políticas de axudas e subvencións e de asignación dos recursos públicos.*
- Cooperación entre administracións, entendida como a consecuencia do principio de corresponsabilidade na xestión dos fondos públicos.*

- *Garantía de bo funcionamento, regulando os requisitos, baremos obxectivos, competencias, mecanismos de participación e de control e avaliación e control das subvencións concedidas.*

C) Obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027.

A elaboración do presente Plan Estratéxico de Subvencións debe concibirse como un exercicio que permita realizar unha auténtica planificación estratéxica das políticas públicas de contido subvencional desenvolvidas por esta.

Fronte unha concepción formal do PES, esta Deputación quere dotarse dunha auténtica ferramenta para conseguir unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional e unha maior eficiencia na asignación do gasto público, e para isto deben racionalizarse e, no seu caso, simplificarse, as actuacións subvencionais para desenvolver.

Tendo presente todo o anterior, a elaboración do PES pretende a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- 1. Dotar á Deputación dun instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social relacionada coas materias da competencia desta.*
- 2. Desde unha perspectiva económico-financeira, definir instrumentos de xestión máis uniformes no conxunto das diferentes áreas e servizos que permitan mellorar a eficacia e a eficiencia das subvencións.*
- 3. Desde a perspectiva da transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dar cumprimento á normativa aplicable nestas materias ante as novas obrigas de publicidade activa e pasiva impostas por esta.*

Os obxectivos concretos ou específicos que se pretenden, indícanse especificamente para cada liña do Plan.

D) Liñas de subvención do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027.

D.1. Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña, establecida no exercicio das competencias provinciais de coordinación dos servizos municipais e cooperación e asistencia a municipios outorgadas polo artigo 36.1. apartados a) e b) da Lei de bases de réxime local, afecta ás competencias municipais nos ámbitos dos servizos mínimos obrigatorios previstos no artigo 26 da Lei reguladora das bases do réxime

local, dos servizos sociais, e outros servizos e investimentos relacionados con outras competencias municipais.

O sector ao que se dirixen as axudas é exclusivamente ao das entidades locais da provincia (concellos, entidades locais menores, mancomunidades e consorcios).

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Os obxectivos e efectos perseguidos co presente Plan Estratéxico, referidos ás principais áreas de competencia da Deputación Provincial, no ámbito da cooperación cos concellos e demais entidades locais, son os seguintes:

- a) Garantir un nivel mínimo de investimento en infraestruturas de titularidade municipal, en particular nas relacionadas cos servizos mínimos obrigatorios, incrementando de forma moi significativa o nivel de investimento dos últimos anos a través do Plan de Cooperación, co obxectivo de acadar o 25% dos créditos iniciais do orzamento da Deputación ao final do actual mandato.*
- b) Garantir a suficiencia financeira e a autonomía municipal dos concellos, outorgándolles unha achega anual a través do Plan de Cooperación e que poderán destinar a gastos correntes.*
- c) Prestarlles axuda financeira aos concellos en situación de insuficiencia orzamentaria.*
- d) Garantir o financiamento mínimo para o mantemento dos servizos sociais de titularidade municipal e dos puntos de atención á infancia.*
- e) Fomentar as actuacións de xestión compartida de servizos públicos locais (en especial os servizos mínimos obrigatorios) a través de consorcios, mancomunidades ou outras... con especial atención a servizos públicos de carácter deficitario ou con especiais dificultades de financiamento.*
- f) Fomento do emprego local.*

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro do ano correspondente, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nos plans, programas ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente nos exercicios que correspondan. Non obstante o anterior, a execución de actuacións consistentes en investimentos poderá adiarse, sempre que concorra causa xustificativa, ata a data que se determine.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

a) Custos previsibles:

Os importes previstos inicialmente para esta liña de subvencións no orzamento do 2024 recóllense nos capítulos IV e VII do orzamento. O plan COOPEROU, como principal ferramenta de cooperación cos concellos da provincia, terá un importe inicial de 17.000.000,00 €. Nos sucesivos exercicios, obxecto da presente planificación (2025, 2026 e 2027), o obxectivo é ampliar a consignación orzamentaria da presente liña, a cal se considera esencial en termos cualitativos e cuantitativos.

b) Fontes de financiamento:

As achegas serán realizadas exclusivamente con fondos propios da Deputación Provincial. Non obstante, as entidades locais beneficiarias poderán complementar o financiamento das actuacións subvencionadas con achegas financiadas, ben sexa con fondos propios municipais, ben con fondos obtidos doutras administracións públicas ou da Unión Europea.

5.º Plan de acción

As subvencións correspondentes a esta liña xestionaranse a través dos seguintes instrumentos (e doutros que se poidan incorporar por ter encaixe nel):

I. Co Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense “PLAN COOPEROU”

A través deste plan, canalizaranse subvencións destinadas a investimentos municipais relacionados cos servizos mínimos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei de bases de réxime local, así como as subvencións para investimentos relacionados con outros servizos municipais. Ademais, o plan, se así se acorda, preverá a posibilidade de que os concellos en situación de insuficiencia orzamentaria destinen parte da subvención á amortización da súa débeda en supostos de insuficiencia financeira manifesta ou a gastos correntes relacionados cos servizos mínimos obrigatorios.

O plan conterá tamén unha achega destinada á entidade local menor de Berán.

A aprobación das bases do PLAN COOPEROU produciuse no mes de novembro do ano 2023, e sendo aprobadas no propio pleno de orzamentos para facilitar a elaboración destes nos concellos, permitindo a planificación ordenada dos fondos cos que os poderán contar.

Co Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, esta Corporación Provincial trata de darlles resposta ás

situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade.

O Plan provincial de cooperación pretende ser dinámico e cunha dotación económica axeitada. A achega provincial asignada a cada municipio no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, deberá distribuírse do xeito seguinte:

- O 40% da dita achega, como mínimo, destinarase a investimentos reais, consonte co disposto no Capítulo VI do Anexo III da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro (modificada por Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo), preferentemente os necesarios para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da LBRL, modificada por LRSAL. A dita achega constituirá o programa de investimentos do plan provincial.*

- O 60% da dita achega, como máximo, destinarase a operacións correntes, consonte co disposto nos Capítulos I a V (ambos incluídos) do Anexo III da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro e/ou a amortización ou devolución de pasivos financeiros segundo o disposto no Capítulo IX do Anexo III da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, coa finalidade de prover á correcta prestación dos servizos municipais obrigatorios. A dita achega constituirá o programa de gasto corrente e amortización de débeda do plan provincial. Neste programa, compréndense expresamente os gastos de persoal relativos a novas contratacións de persoal laboral ao ter a consideración de programa de fomento do emprego subsumible nas políticas activas de emprego desta Deputación, de conformidade co previsto nos artigos 4 e 36 do Real decreto lexislativo 3/2015 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de emprego.*

- Con carácter excepcional, poderase dedicar o 100 % da achega ao programa de gasto corrente e amortización de débeda en supostos de insuficiencia financeira manifesta, considerándose neste situación exclusivamente aqueles concellos nos que se cumpran simultaneamente os seguintes requisitos: que presenten un volume total de capital vivo de endebedamento superior ao 75 % dos seus recursos correntes, remanente de tesourería negativo, inestabilidade orzamentaria, e resultado orzamentario negativo, todos eles respecto ao último exercicio orzamentario liquidado. A achega provincial ao programa de investimentos e ao programa de gasto corrente e amortización de débeda deberá completarse, de resultar insuficiente para o financiamento das actuacións incluídas neles, coas achegas*

municipais precisas. En consecuencia, poderán incluírse nos ditos programas investimentos e actuacións de importe superior á achega provincial, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

II. Convenio de cooperación coa Xunta de Galicia, a FEGAMP e os concellos que dispoñen de grupos de emerxencias supra-municipais.

A través deste convenio subvencionarase o mantemento dos GES nos concellos da provincia que dispoñan deste servizo.

Destínanse a esta finalidade 1.536.000,00 €, consignados no orzamento xeral para o exercicio 2024.

As subvencións tramitaranse nos termos previstos no convenio plurianual aprobado polo Pleno da Deputación.

Para o resto do período obxecto da presente planificación manterase o compromiso de financiamento deste servizo municipal no marco e nos termos do convenio asinado.

III. Programa para co-financiación de adquisición de tractores rozadora e demais apeiros destinados a prevención e extinción de incendios forestais.

Este programa será financiado pola Deputación Provincial e pola Xunta de Galicia en porcentaxes que poden variar e polos Concellos que soliciten a adhesión a este programa achegando estes o IVE correspondente e realizando o procedemento de contratación. Neste procedemento a Deputación Provincial poderá realizar os trámites necesarios de cooperación como pode ser a participación na elaboración de pregos de prescricións administrativa ou técnica adecuados as esixencias do convenio ou a participación si así se solicita, nas mesas de contratación.

A adhesión a este convenio farase mediante petición por escrito á Deputación Provincial e firmarase anualmente por escrupuloso orde de chegada. Os beneficiarios serán preferentemente os concellos que non teñan firmado este convenio anteriormente e no caso de que non houbera outros que o soliciten e si un repetido, incluírase aquel que o asinase anteriormente por orde de antigüidade do máis vello ao máis recente.

A Deputación Provincial elaborará un informe sobre os concellos asinantes e a xustificación da elección destes.

A regulación e condicións aplicables a estas subvencións establécense nos convenios de cooperación a través dos que se concederon, e noutros casos, establecerase nos convenios que se poidan subscribir.

IV. Programa de financiación para construcción ou reforma de infraestruturas destinadas a benestar social ou 3ª idade.

Este programa de Cooperación destinarase á construción ou reforma de infraestruturas de carácter público destinadas a programas de benestar social como poden ser centros ocupacionais de discapacitados, casas comunitarias, centros de día, centros de apoio a drogodependentes, escolas, institutos, centros de formación, residencias xeriátricas de 3ª idade e infraestruturas que sexan de ben social. Neste programa a deputación aportará o importe necesario e dispoñible, dando preferencia ás actuacións que sexan co-financiadas polos concellos ou outras administración e á actuación dos concellos coa poboación máis avellentada.

Este programa estará dotado nos orzamentos do ano 2024 da cantidade de 500.000 €.

V. Programa provincial de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos e mancomunidades en materia de servizos sociais comunitarios (BenOurense).

Este programa – continuación dos xa executados nos exercicios anteriores– canaliza as subvencións tanto para o financiamento do servizo de axuda no fogar básico (destinado a persoas que non teñen efectivamente recoñecido o estatuto de dependencia), para a promoción da dixitalización da xestión do SAF municipal e para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios.

A través deste programa lévanse a cabo as accións de cooperación económica e técnica que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A dotación total do programa para o exercicio 2024, segundo o previsto no orzamento xeral da Deputación, é de 1.400.000 euros, que se dedican a subvencionar o servizo básico de axuda no fogar e a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, de acordo co establecido na normativa antedita

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación ao longo do primeiro trimestre de 2024, tras a súa tramitación conforme ao previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, de tal xeito que os concellos e mancomunidades poidan completar o trámite de

adhesión ao programa no mes de febreiro. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrência non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos servizos sociais prestados polos concellos e mancomunidades beneficiarios.

VI. Programa provincial de asistencia aos concellos e mancomunidades para a xestión de puntos de atención á infancia e outros servizos de atención á infancia (BenOurense Infancia).

Este programa ten por obxecto canalizar as subvencións para gastos de mantemento de puntos de atención á infancia de carácter municipal.

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación no primeiro trimestre de 2024, previa a súa tramitación conforme co previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrência non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos puntos de atención á infancia xestionados polos concellos e mancomunidades beneficiarios. No orzamento de 2024 establécese unha aplicación inicial de 230.000 euros.

VII. Subvencións a outras entidades intermunicipais para o financiamento de servizos públicos deficitarios ou de difícil financiamento.

Neste apartado consígnanse no orzamento xeral subvencións nominativas ás mancomunidades

En función das necesidades que se detecten e das dispoñibilidades orzamentarias poderían implementarse outras axudas nesta liña.

VIII. Convenios de cooperación coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Confederación Hidrográfica do Douro, e concellos da provincia para diversas actuacións en infraestruturas (abastecemento, saneamento e/ou depuración).

Establécese a posibilidade de conveniar coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e a Confederación Hidrográfica do Douro, nos termos que se establezan, achegas cuxo destino sexa o investimento en infraestruturas municipais, razón pola que se inclúen na liña de cooperación ás obras e servizos municipais. Estas subvencións complementan o seu financiamento coas achegas da Confederación Hidrográfica con fondos propios e da Unión Europea para a creación destas infraestruturas. A regulación e condicións aplicables a estas subvencións establécese nos convenios de cooperación a través dos que se concederon, e noutros casos, establecerase nos convenios que se poidan subscribir.

IX. Subvencións nominativas a concellos para o co-financiamento de investimentos municipais.

Prevense no orzamento de 2024 unha serie de subvencións nominativas a concellos da provincia para o co-financiamento de diversos investimentos necesarios para a prestación de servizos municipais.

En función das solicitudes e necesidades detectadas na provincia prevese que esta liña se manteña ao longo do período da presente planificación.

Con esta liña prevese acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento.

Será unha medida excepcional e xustificada para investimentos que por contía ou tipoloxía non se encaixen no Plan CooperOU ou algún dos outros programas de subvencións.

X. Subvencións nominativas a concellos para gastos de mantemento de servizos municipais

Prevense no orzamento de 2024 unha serie de subvencións nominativas a concellos da provincia para o co-financiamento de diversos servizos municipais.

Debido a existencia do Plan CooperOU a tendencia desta liña é a redución significativa desta.

XI. Programa de conservación e mantemento do Patrimonio relixioso e cultural da provincia de Ourense, CONSERVOU.

Este programa ten por obxecto a conservación e mantemento do extenso patrimonio cultural e relixioso existente na nosa provincia.

Faremos convenios cos titulares dos bens, creando unha comisión de análise e decisión dos bens sobre os que se actuará. Esta comisión estará formada por membros das institucións asinantes dos convenios e técnicos que orientarán sobre as actuacións para realizar.

É a intención deste goberno que os asinantes dos convenios sexan organismos públicos que teñan entre os seus obxectivos o mantemento do patrimonio, como poden ser a Xunta de Galicia coa área competente e o Goberno Central, tamén coa área competente na materia. As institucións propietarias dos bens como poden ser os bispados presentes na nosa provincia, o Bispado de Ourense e o Bispado de Astorga, ou outras, deberán ser participes do co-financiamento necesario para as actuacións, na porcentaxe que se considere nos convenios asinados. Quedará aberta a posibilidade da participación dos concellos nestes convenios e cuxa achega poderá ser dende o apartado de gastos do programa COOPEROU.

No caso de bens patrimoniais de titularidade privada, o convenio ou acordo de concesión incluíra a obriga que permita as visitas e acceso ao público en xeral nun horario ou réxime preestablecido.

XII. Programa de cooperación para a adquisición de mobiliario público aos concellos da provincia.

Unha das necesidades que se ten manifestado por parte dos concellos é a dotación de mobiliario.

Neste programa de cooperación a deputación provincial porá a disposición dos concellos a posibilidade de conveniar a adquisición co-financiada de marquesiñas e bancos.

A necesidade de dotar aos concellos deste mobiliario debe facerse dunha maneira uniforme e dotar á provincia dunha imaxe propia deste tipo de mobiliario co obxectivo de embelecer os núcleos poboacionais con mobiliario acorde ás necesidades dos nosos concellos.

XIII. Programa de cooperación para a construción, mantemento e reforma de infraestruturas deportivas.

Nos últimos anos se veñen facendo unha serie de investimentos para a construción ou reforma de infraestruturas deportivas como poden ser a construción de campos de fútbol de herba sintética.

O goberno provincial creará un programa de cooperación que regule a cooperación das actuacións nestas infraestruturas, ou alternativamente consignará subvencións nominativas para esta finalidade, podendo conveniar o co-financiamento xunto con outras administracións públicas, e dando prioridade aos concellos que contén con escolas deportivas de deporte base, tanto si son dependentes do concello, como si dependen de clubs deportivos subvencionados polos respectivos concellos. O anterior enténdese sen prexuízo daqueles concellos que inicien calquera actividade de base e que non dispoñan de infraestruturas axeitadas, e que esta ausencia poida ser un impedimento para a execución de infraestruturas deportivas.

XIV. Programa de Cooperación con concellos menores de 20.000 habitantes titulares de Conservatorios profesionais de Música.

Na nosa provincia temos un conxunto de concellos con “Conservatorios de Música” dependentes, que ofrecen ensinanza regrada e unha serie de titulacións oficiais en grados profesionais de musica en diferentes modalidades.

Estes Conservatorios de Musica de titularidade municipal, organizan, coordinan e imparten as ensinanzas conducentes á obtención de títulos, diplomas e certificados oficiais que fosen ou sexan autorizados, no ámbito das súas competencias pola Consellería de Educación e ordenación Universitaria, organismos e institucións competentes.

O mantemento desta actividade supón un esforzo económico e organizativo para os concellos titulares, atendendo ademais a alumnos doutros concellos converténdose en actividades comarcais. O deber do goberno provincial é colaborar coa conservación destes conservatorios e axudar ao fomento e mantemento destas actividades de recoñecido beneficio social e educativo.

A partir do exercicio de 2024, en que se fará unha primeira achega mediante subvención nominativa a cada un deles, elaboraranse unhas bases reguladoras para estas axudas de maneira que se teña en conta alumnos atendidos, modalidades ofertadas e outras variables que se poidan ter en conta.

D.2. Fomento da cultura

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia provincial prevista no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais da provincia, a universidade pública, e a diferentes entidades e institucións culturais de Galicia sen ánimo de lucro.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Pódense sintetizar nos seguintes:

- Contribuír á realización de actividades culturais e recreativas no conxunto da provincia, con especial atención ao fomento das artes escénicas e musicais e ás actividades culturais no ámbito universitario, como elemento necesario para a configuración dunha oferta cultural e de ocio plural e sostible, aberta ao público en xeral.*
- Colaborar coa Universidade de Vigo garantindo a realización dun amplo programa de actividades culturais e de extensión universitaria no Campus de Ourense.*
- Contribuír ao sostemento da Real Academia Galega, así como a determinadas actividades culturais de carácter senlleiro (actividades de fundacións e outras entidades).*
- Contribuír ao sostemento de fundacións culturais de gran importancia e arraigo na provincia, como as Fundacións Otero Pedrayo, Curros Enríquez, Carlos Casares, Blanco*

Amor, Insua dos Poetas ou aquelas nas que a Deputación Provincial sexa membro dos seus respectivos padroados.

- Colaborar co financiamento de actividades culturais promovidas por entidades culturais como son as do Pen Club de Galicia, a Coral de Ruada, o Liceo de Ourense ou Sarabela Teatro ou similares.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo e como regra xeral antes do 31 de xullo do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. No caso das subvencións para fomento de actividades escénicas e musicais, a concesión das subvencións deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio que corresponda.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

As subvencións financiaranse integramente con fondos propios da Deputación Provincial, sen prexuízo das achegas realizadas polos propios beneficiarios, ou ben con fondos doutras administracións públicas captados por estes. Estes fondos poderanse ampliar en sucesivas modificacións ao longo do ano dependendo das necesidades orzamentarias de cada actuación concreta.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña instrumentaranse a través dos seguintes procedementos:

I. Concurso de subvencións para fomento das artes escénicas e musicais (Plan Tarazona)

A finalidade destas subvencións é o financiamento de actuacións escénicas e musicais de carácter gratuito e abertas ao público en xeral, promovidas por entidades locais, entidades sen ánimo de lucro ou comisións de festexos.

Igualmente, poderán ser obxecto de financiamento a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relativas a actuacións escénicas e musicais, promovidas por entidades locais ou entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrência non competitiva, permitíndolles aos beneficiarios (entidades locais, asociacións veciñais, comisións de festexos) seleccionar libremente a actividade escénica ou musical que desexen, de entre a oferta integrada por todas as

agrupacións artísticas que se adhiran ao sistema. As bases garantirán unha estrita neutralidade da administración pública na selección dos espectáculos subvencionados, quedando determinada a concesión de subvencións exclusivamente pola orde cronolóxica de solicitudes e a dispoñibilidade das agrupacións artísticas adheridas.

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do exercicio.

No caso do financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas, o procedemento será o dun concurso para a concesión de subvencións que poderá admitir a modalidade de concorrência competitiva ou non competitiva.

A dotación prevista no orzamento de 2024 para esta finalidade é de 150.000,00 euros.

II. Programa de cooperación cos concellos para o co-financiamento da rede provincial de espazos culturais e programación coordinada de actividades a nivel provincial (REAOU).

O obxecto deste Programa de cooperación é o de co-financiar e cooperar conxuntamente cos concellos de menos de 20.000 habitantes no fomento e a difusión das artes escénicas e da música na provincia, a través da Rede de espazos culturais (auditorios, casas de cultura e centros multiusos) da provincia de Ourense, sempre que dispoñan dun espazo axeitado para o desenvolvemento da actividade escénica e asuman a programación de, polo menos, un espectáculo bimestral nos ditos espazos.

O importe previsto no orzamento de 2024 para este Programa é de 150.000,00 €.

III. Subvencións para festivais e actos similares de marcado carácter senlleiro na provincia.

Establécese a posibilidade de instrumentar a través de diferentes subvencións nominativas a entidades locais para a organización de festivais e actos culturais análogos de marcado carácter senlleiro e consolidado no ámbito cultural da provincia.

IV. Concurso de subvencións para realización de actividades culturais e recreativas

A finalidade destas subvencións é o financiamento da realización de todo tipo de actividades culturais ou recreativas, promovidas por entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrência competitiva. Os criterios de valoración incentivarán aquelas actividades que contén cun maior impacto social, así como a capacidade de autofinanciamento da entidade beneficiaria; igualmente, incentivaranse as actividades culturais que se estimen de especial interese polo seu carácter senlleiro, especial calidade ou pola súa incidencia na protección de tradicións culturais da provincia.

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro cuadrimestre do exercicio. A contía reflectida no orzamento de 2024 é de 200.000 €.

V. Convenio coa Universidade para a realización de actividades culturais

A través dun convenio coa Universidade de Vigo regularase a concesión dunha subvención nominativa, por importe máximo de 220.000,00 €, destinada a financiar a realización de actividades culturais e de extensión universitaria no campus de Ourense. Poderase incluír entre as finalidades subvencionadas a realización de programas de apoio á mobilidade dos estudantes do campus e a grupos de investigación do Campus de Ourense.

As concretas condicións da subvención regularanse no convenio, que deberá ser obxecto de negociación e aprobación pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do ano que corresponda.

Estudarse a posibilidade de conveniar en termos similares coa UNED de Ourense.

VI. Liña de axudas a entidades e fundacións de carácter senlleiro e de especial relevancia da nosa provincia.

Durante o mandato elaborárase unha liña de axudas por concorrencia competitiva para aquelas fundacións ou asociacións das que a Deputación Provincial sexa patrón ou membro dela. Terase en especial consideración a figura ou relevancia da propia fundación e as actividades para realizar.

VII. Subvencións nominativas a outras entidades.

Detállanse a continuación algunhas das previstas no orzamento aprobado para o orzamento do ano 2024.

- *Real Academia Galega.*
- *Achega ao premio Otero Pedrayo.*
- *Fundación Eduardo Blanco Amor.*
- *Fundación Otero Pedrayo.*
- *Pen Clube de Galicia.*
- *Coral da Ruada.*
- *Fundación Insúa dos Poetas.*
- *Fundación Curros Enríquez.*
- *Fundación Carlos Velo.*
- *Liceo de Ourense.*

- *Fundación Vicente Risco.*
- *Fundación Antón Losada Diéguez*

Esta liña de axudas irase diminuindo coa creación dun instrumento con criterios obxectivos de reparto.

D.3. Fomento do deporte

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118.d) da Lei 571997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como na Lei do deporte de Galicia.

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais, entidades deportivas sen ánimo de lucro, sociedades anónimas deportivas, asociacións veciñais e deportistas individuais cualificados.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Pódense resumir nos seguintes:

- *Garantir o mantemento da actividade das principais entidades deportivas de Ourense, con especial atención ao deporte de base.*
- *Garantir a existencia dunha actividade plural e diversificada de actividades deportivas na provincia de Ourense, especialmente de actividades deportivas abertas ao deporte de base (con programas como o das Copas Deputación) e actividades abertas ao público en xeral, baseadas nos conceptos de “deporte para todos” e “deporte – saúde”.*
- *Promover e incentivar a actividade dos deportistas individuais ourensáns especialmente destacados nas súas disciplinas deportivas.*

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 31 de xullo do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran, e da especialidade na modalidade de eventos deportivos xa que se implementará un modelo de bases que permita a solicitude de eventos en dúas convocatorias, ao longo do ano.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A contía destinada a esta liña de subvencións nos orzamentos de 2024 achégase a 903.000 €, financiados integramente con fondos propios da Deputación Provincial de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen esta achega con fondos propios ou obtidos doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña de actuación instrumentaranse a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a entidades deportivas

A finalidade deste concurso é a concesión de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para o sostemento do seus gastos de funcionamento e, máis en concreto, dos gastos derivados da súa participación nas competicións deportivas oficiais. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2024 é de 350.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2024. As bases terán en conta, entre outros criterios de valoración, a realización de actividades de deporte base, feminino e de discapacitados, e así como a incidencia social da actividade do club e a racionalidade da súa xestión económica, con especial atención á súa capacidade de financiamento con cargo a ingresos privados (coas de socios, patrocinios privados...).

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrência competitiva.

II. Subvención ao Club Ourense Baloncesto.

A finalidade desta subvención é contribuír ao sostemento do Club Ourense Baloncesto. Non obstante, a subvención quedará condicionada á realización de actividades de fomento do deporte base por parte da entidade beneficiaria.

Prevense 250.000,00 euros para esta finalidade, cantidade idéntica á de exercicios anteriores. A subvención concederase como subvención nominativa en atención á especial importancia desta entidade deportiva na provincia.

III. Subvención á Asociación Deportiva-Cultural Ribeiro.

A finalidade desta subvención é contribuír ao sostemento da Asociación Deportiva-Cultural Ribeiro. Non obstante, a subvención quedará condicionada á realización de actividades de fomento do deporte base por parte da entidade beneficiaria.

Prevense 40.000,00 € para esta finalidade.

A subvención concederase como subvención nominativa, en atención á categoría competitiva na que milita o equipo de balonmán sénior masculino Rodosa - Carnes do Ribeiro-Ourense provincia termal.

IV. Subvención ao Rally de Ourense

A finalidade desta subvención é contribuír á realización deste importante evento, de enorme importancia económica, social e deportiva. Prevese unha subvención por importe 53.000 €, que se concederá con carácter nominativo.

V. Concurso de subvencións para as Copas Deputación

A finalidade desta subvención é garantir o mantemento das Copas Deputación, como competición deportiva de enorme tradición na provincia e orientada fundamentalmente cara ao deporte de base. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2024 é de 120.000 €.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2024. As bases terán en conta, entre os criterios de valoración, a incidencia social da competición, a súa orientación ao deporte de base e a celebración en municipios diferentes da capital, entre outros factores.

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse ordinariamente mediante o procedemento de concorrência competitiva, con excepción das Copas Deputación de fútbol e fútbol sala, que polo seu arraigo e dimensión nesta provincia, serán obxecto de financiamento a través de sendas subvencións nominativas nos termos que estableza o pleno da Deputación.

VI. Concurso de subvencións para eventos deportivos

A finalidade destas subvencións é contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte – saúde e deporte para todos. As accións subvencionadas poderán ser promovidas polas entidades deportivas, entidades sen ánimo de lucro ou asociacións veciñais.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2024 é de 60.000 euros para o fomento do deporte polas entidades anteditas.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de cada ano.

VII. Concurso de subvencións a deportistas individuais cualificados

A finalidade destas subvencións é incentivar a actividade dos deportistas ourensáns individuais que se destacasen especialmente na temporada deportiva, tendo en conta ademais o conxunto da súa traxectoria.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2024 é de 30.000,00 €.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso para o ano 2024 serán aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2024.

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrència competitiva.

VIII. Outras subvencións nominativas.

En función das solicitudes e necesidades detectadas na provincia prevese que esta liña se manteña ao longo do período da presente planificación, co obxectivo de acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento, así como cooperar cos clubs da provincia que destaquen e compitan en ámbitos superior ao autonómico e requiran de maior apoio institucional.

IX. Entidades deportivas de fomento do deporte base.

A finalidade desta liña de subvencións é incentivar a actividade do deporte base ourensán mediante concorrència competitiva ou nominativa en casos xustificados e excepcionais.

D.4. Reto demográfico.

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia xeral prevista no artigo 109 d) da Lei de administración local de Galicia do fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Os sectores aos que se dirixen son, por unha banda, aos veciños e veciñas da provincia que durante o ano 2024 e sucesivos teñan un fillo ou filla, ou teña constituída a tutela ou adopción dun neno ou nena (Programa CheogOU), e por outra as persoas físicas o xurídicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de auto emprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia (Programa EmprendOU).

Ademais do anterior, en moitas das bases de subvencións dirixidas ás EELL da provincia introdúcese como criterio de ponderación a “prioridade demográfica dos concellos”, a cal se obtén en función dos criterios de poboación actual, situación xeográfica, perda/suba de poboación, densidade demográfica, índice de avellentamento e taxa de natalidade.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Como obxectivo inmediato está o de incorporar na regulación das subvencións provinciais a “perspectiva de reto demográfico”, facendo a esta Deputación participe da Estratexia Nacional fronte o reto demográfico e seguindo algunhas das medidas xurdidas do Documento de Acción elaborado pola Comisión de despoboamento constituída no seno da FEMP.

O obxectivo final é o de frear o descenso de poboación na provincia e, particularmente nos concellos máis afectados, tentando fomentar a natalidade e o emprendemento rural como elementos que axuden a fixar poboación.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións realizarase ao longo de todo o ano 2024, e sucesivos, se hai continuidade nos orzamentos provinciais.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total para estas finalidades no exercicio 2024 é de 550.000,00 €.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña levarase a cabo a través dos seguintes programas:

I. Programa ChegOU.

Constitúe o obxecto deste Programa a regulación das axudas que a Deputación de Ourense, a través da Área de Benestar, lle outorgará, mediante concorrência non competitiva, á persoa que durante o ano 2024 teña un fillo ou filla, teña constituída a tutela ou adopción dun neno ou nena.

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes será a que lle corresponda segundo a consideración, en grado, do concello en cuxo rexistro civil conste inscrito o/a menor que motiva a solicitude.

A dotación total do Programa para o exercicio 2024 é de 400.000,00 €.

II. Programa EmprendOU.

Constitúe o obxecto deste programa a concesión das subvencións que outorgue a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrência non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de auto emprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense durante o exercicio 2024.

Estes períodos terán que cumprirse antes do 31 de decembro do ano correspondente, data límite ata a que se subvencionarán os proxectos presentados.

O importe total do Programa dependerá da disposición orzamentaria e da posible co-financiación do Fondo Social Europeo. No orzamento do 2024 é de 150.000 €.

D.5 Fomento do benestar social

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 36.1. d) e e) da Lei reguladora das bases de réxime local, ao considerar que o fomento da prestación de servizos sociais constitúe un interese peculiar da provincia de Ourense e contribúe ao seu desenvolvemento social, dadas as súas características sociais e demográficas, interese especificamente definido en desenvolvemento da previsións xenérica das normas citadas polo artigo 4.2.f) da Ordenanza xeral de subvencións.

Os sectores aos que se dirixen son as entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia, así como a persoas físicas beneficiarias do Programa de termalismo social.

Quedan fóra desta liña. Por ter sido xa incluídos noutras precedentes, os programas de cooperación cos concellos en materia de servizos sociais e o programa de fomento da natalidade.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

O obxectivo fundamental que persegue esta liña de subvencións é contribuír ao mantemento dos servizos sociais (complementarios dos xestionados polo sector público) que son prestados na provincia por entidades sen ánimo de lucro. Complementariamente, resérvase unha partida para posibles investimentos por parte deste tipo de entidades.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 31 de xullo do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total prevista para esta liña é de 550.000 euros, irán destinados á concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a prestación de servizos sociais mediante procedementos de concorrência competitiva e o desenvolvemento do Programa de Termalismo Social.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións para entidades sen ánimo de lucro que presten de servizos sociais

Esta acción consistirá na concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia de Ourense, e dotarase con 300.000,00 euros. As subvencións concederanse mediante procedementos de concorrència competitiva, e as bases reguladoras deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do ano que corresponda. Os criterios de valoración terán en conta, entre outros factores, a complementariedade dos servizos prestados cos xestionados polas administracións públicas e a súa incidencia social no territorio e nos colectivos afectados.

II. Fondo para subvencións de emerxencia social

Os orzamentos de 2024 reservan unha partida de 15.000,00 euros sen adscrición específica. Esta partida poderá destinarse a subvencións de emerxencia social, en función de necesidades que poidan detectarse ao longo do exercicio, que poderán tramitarse como subvencións nominativas ou directas, sempre que se dean os supostos previstos en cada caso pola Ordenanza xeral de subvencións. Esta partida poderá empregarse, igualmente, para atender obrigas sobrevidas como consecuencia da estimación de recursos interpostos contra os actos de concesión de subvencións do exercicio anterior.

III. Concurso de subvencións para fomento do termalismo social.

Mediante esta acción, concederanse subvencións a persoas físicas para a realización de estancias, e recepción de tratamentos terapéuticos (dermatolóxicos, respiratorios, e reumatolóxicos) en establecementos balnearios da provincia de Ourense.

O procedemento será xestionado pola Deputación, mediante concorrència competitiva, efectuándose diversas convocatorias ao ano en función dos períodos de actividade dos establecementos balnearios. Os establecementos balnearios terán a consideración de entidades colaboradoras, ben directamente, ou ben a través das súas asociacións representativas.

As bases reguladoras da concesión das axudas terán en conta criterios de idade e capacidade económica dos beneficiarios.

IV. Outras subvencións nominativas.

En función das solicitudes e necesidades detectadas na provincia prevese que esta liña se manteña ao longo do período da presente planificación, co obxectivo de acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento.

D.6 Fomento do desenvolvemento económico da provincia

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de cooperación no fomento do desenvolvemento económico da provincia, prevista no artigo 36.1.d) da Lei de bases de réxime local. O exercicio destas competencias provinciais instruméntase a través do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) e desde a propia Deputación provincial.

Os sectores afectados por esta liña serán os concellos e o sector empresarial da provincia de Ourense en xeral, en particular o que ten por obxecto a produción, promoción e distribución de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización e o sector termal.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Poden resumirse nos seguintes:

- Contribuír ao crecemento da economía provincial mediante a concesión de subvencións aos concellos para a promoción de produtos propios da provincia non susceptibles da deslocalización.*
- Contribuír ao desenvolvemento económico da provincia, cos aportacións á Fundación Expourense (da que o INORDE é socio fundador), para o financiamento de feiras e exposicións que celebren.*
- Fomentar o desenvolvemento da creación e apoio ás actividades das diferentes asociacións de comerciantes da provincia de Ourense.*

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

O importe destinado a estas finalidades nos orzamentos da Deputación Provincial e do Inorde para o exercicio 2024 supera os 300.000,00 €.

O financiamento destes importes realízase con fondos propios da Deputación e do Inorde, sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a concellos para accións de promoción de produtos propios da provincia de Ourense

Mediante esta acción, concederanse subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización. O procedemento de concesión de subvencións será xestionado polo Inorde, mediante concorrencia competitiva, debendo aprobarse as bases reguladoras do concurso no primeiro cuadrimestre do ano que corresponda. As bases terán en conta a incidencia socioeconómica das accións previstas. A dotación orzamentaria para esta acción será de 75.000,00 euros.

II. Concurso de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte os comerciantes.

O obxecto deste concurso é a concesión, por parte do INORDE, mediante convocatoria pública, e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes.

Considéranse accións de dinamización e promoción do comercio local, entre outras, as exposicións e certames orientados á comercialización de produtos locais e as campañas dirixidas á captación de socios e potenciais clientes.

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao amparo desta convocatoria asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes.

III. Subvención á Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense).

Sen prexuízo da achega da cota correspondente a esta Fundación, da que o INORDE é socio fundador, preténdese colaborar cos obxectivos desta Fundación no ámbito da promoción de actividades industriais, comerciais, técnicas agrícolas, gandeiras, gastronómicas, turísticas ou culturais en Ourense, de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico, enfocada a determinados sectores profesionais ou

abertas ao público en xeral, polo que se poderán implementar subvencións a esta Fundación para a realización de actividades concretas de interese provincial.

IV. Outras subvencións nominativas do INORDE para o desenvolvemento económico.

Por esta vía poderán subvencionarse accións que non teñan encaixe noutras convocatorias e que polo seu carácter singular supoñan un pulo e se consideren unha aposta polo desenvolvemento económico provincial, como son as previstas no orzamento deste organismo autónomo destinada á Confederación de Empresarios de Ourense, así como outras que se poidan implementar ao longo do período da planificación de xeito excepcional e por causas xustificadas.

O anterior, establécese sen prexuízo de potenciar as subvencións do INORDE en réxime de concorrència competitiva destinadas a asociacións de comerciantes e/ou empresarios (previstas no apartado II do Plan de acción), para actividades de promoción nos seus respectivos ámbitos, valorándose criterios relativos ao número de asociados ou o número de campañas de promoción, entre outras, todo iso en función das disponibilidades orzamentarias anuais do INORDE.

D.7 Fomento do asociacionismo veciñal

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de fomento dos intereses peculiares da provincia, prevista no artigo 118.d) da Lei de administración local de Galicia e 36.1.e) da Lei de bases de réxime local.

Os sectores afectados por esta liña serán as asociacións veciñais.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Potenciar o movemento veciñal, a través das súas asociacións, como instrumento de participación cidadá antes as administracións locais e como entidades xestoras de actividades de interese social, deportiva, cultural ou medioambiental.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

Existe unha previsión inicial de 50.000,00 € nos orzamentos para 2024, destinados ao financiamento dos gastos correntes das federacións de asociacións veciñais.

No primeiro semestre de 2024 habilitarase mediante unha modificación orzamentaria con cargo ao remanente de tesourería, unha partida de 100.000,00 € con destino ao financiamento de gastos de investimento de asociacións veciñais, mediante concurso público e con concorrencia competitiva.

O financiamento desta liña, en todo caso, realizarase con fondos propios da Deputación, e sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través de concursos de concesión de subvencións a federacións de asociación veciñais por un lado e ás propias asociacións veciñais polo outro.

O procedemento poderá ser tanto o de concorrencia competitiva como o de concorrencia non competitiva, podendo tamén implementarse a través da concesión de subvencións de carácter nominativo, sempre que se respecten os límites establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e se motiven estas. O importe inicial consignado no orzamento ascende aos 50.000,00 euros para o financiamento desta liña.

E) Réxime de seguimento e avaliación das diferentes liñas de subvencións do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027

No primeiro cuadrimestre seguinte ao remate do ámbito temporal do vixente Plan estratéxico, a Área de Administración Xeral emitirá un informe sobre o seu grao de execución, no que se analizarán as principais incidencias e desviacións experimentadas, e que poderá conter propostas de mellora dos plans sucesivos. Deste informe daráselle conta ao Pleno da Deputación na primeira sesión ordinaria que realice, e o seu contido terase en conta para a actualización da planificación estratéxica desta Deputación Provincial.

5. DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE PUNXÍN EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA DOS GASTOS DERIVADOS DE EXECUCIÓNS FORZOSAS DOS ARTIGOS 99 E 100 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO

ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓN PBLICAS E DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO).

Este asunto foi ditaminado favorablemente na Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

1ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que se trata dun exemplo de autonomía municipal e que esta competencia xa a teñen delegada moitos concellos da provincia nesta Deputación.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación efectuada polo Concello de Punxín a favor de Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 1 de abril de 2024, das facultades que o Concello ten atribuídas en materia de recadación executiva dos gastos derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do Imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO), así como a revisión dos actos ditados, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Punxín, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas “certificacións de descuberto” do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos

de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

6.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, AUTORIZACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS DO INORDE

Este asunto foi ditaminado favorablemente na Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

Prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Popular, comeza expoñendo que se trata dunha modificación orzamentaria que xa foi aprobada polo Consello Reitor do organismo autónomo e ditaminada en comisións informativas. A continuación fai un breve resumo das aplicacións orzamentarias que se suplementan e as que se crean novas a través de créditos extraordinarios. Para finalizar lembra ao Grupo Socialista que para os centros comerciais da provincia xa hai liña de concorrência competitiva desde hai dous anos.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, sinala que moitos puntos deste Pleno están moi relacionados, e que en todo caso falará posteriormente.

1ª intervención de José Manuel Puga, do BNG, comeza sinalando que a representante do BNG no Consello Reitor do INORDE xa expuxo a súa postura e o apoio a esta modificación tendente á dinamización desta provincia, e lembra que o grupo do BNG foi o único que formulou unha alternativa aos orzamentos do INORDE, mediante unha emenda á totalidade. Aínda así, van a estar a favor desta modificación para completar moitas liñas que están comprometidas e lembra que no ánimo do grupo do BNG non está o bloqueo.

1ª intervención de Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, manifesta que moitas destas modificacións van a ser necesarias para a execución dos orzamentos deste organismo, polo que o seu grupo se vai a abster. Lembra que o Grupo Socialista opina que as funcións deste organismo poderían ser asumidas directamente pola Deputación Provincial, que é a que maiormente o financia.

2ª intervención de Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Popular, sinala que ao longo do exercicio é normal facer este tipo de modificacións, e neste caso moitas modificacións veñen dadas polo incremento da aportación da Axencia de Turismo de Galicia ou pola

participación en proxectos europeos. Remata agradecendo a abstención dos grupos que van facilitar a aprobación desta modificación.

1ª intervención de Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, pide a palabra para aclarar que o grupo socialista se refire a que os centros comerciais deben contar todos coas mesmas oportunidades, pois si é certo que hai liña de concorrência competitiva, tamén é certo que hai subvencións nominativas.

Sr. Presidente, intervén para aclarar que este tipo de modificacións son necesarias ao longo do exercicio cando se coñece a liquidación e o remanente de tesourería do exercicio anterior. Como exemplo sinala que o desexable sería que os concellos coñecesen a aportación do Plan CooperOU a principios de exercicio, pero que a razón é que a capacidade orzamentaria é a que é ata que se coñece o remanente de tesourería do exercicio anterior.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e do BNG (3), o voto en contra de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos que figura no expediente n.º 2024/5132A do INORDE, co seguinte detalle:

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/207.00	Prestación servizos Inorde	43.000,00 €
42211/212.00	Reparación de edificios e outras construcións	21.000,00 €
42211/213.00	Reparación maquinaria	3.000,00 €
42211/214.00	Reparación elementos de transporte	3.000,00 €
42211/226.16	Actividades de turismo	74.000,00€
42211/227.06	Estudios e traballos técnicos	42.000,00 €
42211/622.02	Investimentos reais ecosistemas de producións sostibles.	4.000,00 €
42211/623.00	Investimentos maquinaria, instalacións e equipamento	18.000,00 €
SUMA SUPLEMENTO DE CRÉDITO		208.000,00 €

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
---------	-----------	-----------

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/624.00	Elementos de transporte	30.000,00 €
SUMA CRÉDITO EXTRAORDINARIO		30.000,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

<i>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</i>	238.000,00 €
--	---------------------

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE 1/2024

Este asunto foi ditaminado favorablemente na Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

Prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular comeza indicando que se trata dunha modificación que ascende a máis de trinta e sete millóns de euros, cunha importante dotación para o Plan CooperOU e outras aportacións dirixidas principalmente aos concellos da nosa provincia. Cada concello será o responsable de determinar os seus proxectos, nunha cara aposta pola autonomía municipal. Tamén se dotan subvencións para os concellos da provincia que contan con conservatorios profesionais de música, e se suplementa a partida destinada a colaborar coas mancomunidades de concellos da nosa provincia. Tamén vinculado a concellos se dotan subvencións para obras en campos de fútbol municipais, en colaboración coa Xunta de Galicia. Figura igualmente unha aportación de medio millón de euros para a Comunidade de Regantes da Comarca da Limia e a aportación ao PERTE da auga por un importe de máis de tres millóns de euros. Tamén se dotan transferencias para entidades deportivas e entidades culturais, e estase estudando o incremento das liñas en concorrencia competitiva. Se dotan tamén partidas para cofinanciar convenios con outras administracións, como son a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para a execución de obras, e coa

Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, para adquisición tractores con rozadora para os concellos. Engade que se inclúe unha partida de máis de catro millóns de euros para as vías provinciais e unha aportación para a sociedade MEISA. Por último sinala que se suplementan outras partidas de gastos correntes da DPO e remata indicando que agarda contar co apoio dos grupos políticos desta Corporación para unha modificación orzamentaria que entende moi necesaria para os nosos concellos e froito do consenso e do diálogo.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, fai uso da palabra para dicir que a voceira do PP sempre falou de “diálogo e cooperación”, e que ante a que é seguramente a modificación de crédito de importe máis elevado da historia da Deputación, ninguén do grupo de goberno se dirixiu ao grupo de Democracia Ourensana. Sorpréndelle que o grupo de goberno sempre está a falar de diálogo e agora como non lle interesa, non o hai, e que o presidente desta Deputación é moi hábil e soubo manexar a situación. Vostedes no Concello de Ourense esixen toda a documentación dunha forma moi esaxerada e escrupulosa, para logo dicir que non. E en cambio, nesta modificación que se trae a este Pleno, aparecen partidas moi xenéricas como as destinadas a actividades culturais e recreativas, por exemplo, e unha memoria xustificativa moi breve. Entón compara esta documentación coa que se pide no Concello de Ourense, e entende que as cousas teñen que cambiar nesta Deputación, e advirte aos outros grupos de que os están enganando.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, comeza sinalando que o voceiro de DO fai o seu papel, e que non deixa de ser certo que ata non fai moito o grupo de DO formaba parte do goberno provincial, e todo lle parecía ben e eran parte deses orzamentos e modificacións, e da forma de reparto das subvencións que había antes, e votaban a favor. Entón, todos temos dereito a vir aquí a dar leccións, pero evidentemente todos temos pasado. Engade que no ano 2022 o Concello de Ourense fixo unha modificación de máis de sesenta millóns de euros, polo que se comparamos non lle pode parecer moito unha modificación de trinta e sete millóns. Non me doe recoñecer que esta Deputación nun ano ten mudado o que non mudara antes, e non foi grazas a Democracia Ourensana. O BNG ven reivindicando desde fai varios anos un modelo de Plan Único que agora por fin existe, e que case acada os importes que o BNG considera axeitados, porque chega a todos os concellos, independentemente da súa cor política. É evidente que é mellorable a modificación orzamentaria que se presenta, e que non é a que faría o BNG, pero que nos estamos a facer o posible para que esta institución sexa útil e favoreza aos concellos da provincia e á súa

veciñanza. Das cousas que máis rechaman destaca o 1.500.000,00 € para MEISA, ao que lle temos que dar unha volta porque está claro que esta non é a solución nin o camiño para a xestión desta infraestrutura. No resto hai cousas que gustan máis e outras menos, pero esta modificación recolle algo que antes non existía, que é unha distribución equitativa dos recursos desta Deputación. Naquilo que non son concellos, temos que avanzar nun reparto con criterios equitativos para clubs, entidades ou asociacións. Remata indicando que o voto do BNG nesta modificación vai ser o da abstención.

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, comeza indicando que o voceiro de DO fala de que o Grupo Socialista está a ser enganado, e que lle vai explicar en que consiste o engano. Para iso vaille explicar como funcionan os concellos do rural, porque o voceiro de DO parece que o descoñece. Cando un concello do rural ten que elaborar os orzamentos afronta unha situación na que a súa capacidade de investimento é case nula, polo que case non se poderían executar investimentos. Porén, noutros concellos, doutra cor política, se se podían facer investimentos pola obtención de subvencións nominativas totalmente discrecionais que outorgaba esta Deputación. Mentres, o grupo de DO votaba a favor desa forma de repartir os cartos desta Deputación. Agora, co Plan CooperOU a situación mudou considerablemente, e vostede me di que estamos a ser enganados, cando agora son os concellos os que deciden a que se destina a cantidade da que dispoñen, moito maior que co anterior sistema. O Grupo Socialista chegou a acordos, que non pactos, para aprobar as cousas que considera positivas, porque estamos na política para a aportar e para sumar. Nos faríamos outra modificación, xa que cremos que hai que destinar máis cartos ás vías provinciais, aos conservatorios municipais, ou a outros servizos, pero é evidente que é un avance. Seguiremos estando aquí para aportar.

2ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, nesta quenda aclara que seguimos tendo o orzamento máis baixo de todas as deputacións de Galicia e que o feito de que o Estado non aprobe os seus orzamentos impide que aumente a aportación estatal. Remata agradecendo que os grupos do BNG e do PS de G-PSOE non poñan trabas a aprobación desta modificación.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, sinala que xa sabemos quen é a oposición e quen o “tripartito”. Respecto ao pasado mencionado, sinala que moitas veces tiveron que renunciar a cousas e apoiar outras que non lles gustaban pero que iso chámanse pactos de goberno. Engade que todos temos pasado e que o podería sacar, e que todos están

aquí polo seu partido político, non por eles mesmos. Engade que como PSOE e BNG, están acostumados a que non lles desen nada, agora danlle algo aos seus concellos, e xa están a favor. Sinala que están en posición de reivindicar, de esixir, e non o fan, e parece que teñen o síndrome de Estocolmo.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, nesta quenda sinala que cando DO chega a acordos son “pactos de goberno” e cando o facemos os demais parece que nos están enganado. O que amosa unha grande superioridade moral do voceiro de DO. Máis alá diso, DO votaba a favor duns orzamentos e modificacións que non melloraban a esta. Se fose a modificación de crédito que nos quixeramos, votaríamos a favor, pero como non o é, aínda que supón unha mellora, imos absternos, facendo unha oposición construtiva e útil para a veciñanza.

2ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que parece que o voceiro de DO non se mirou ben os expedientes, porque claro que pedimos nas negociacións e agora se incrementan os importes destinados ás vías provinciais, tal e como nós reclamamos. Os grupos estamos facendo un importante esforzo para que os concellos teñan máis fondos e liberdade de elección, e DO parece que non se dá conta do avance que supón isto, especialmente para os concellos de menos recursos.

Sr. Presidente, finaliza o debate na quenda de peche agradecendo o talante dos grupos do BNG e do PS de G-PSOE, e que é moi importante chegar a puntos de acordo desde posicións diferentes, e que ogallá onde DO goberna houbese tamén este clima de diálogo. Este grupo de goberno sempre está aberto a propostas, e que o grupo de DO é o único que non fixo nin unha soa proposta, mentres os outros grupos si as fixeron. Nós negociamos e falamos, e todos perdemos, para que a provincia gañe. Respecto ao importe da modificación os técnicos pedíronnos que se concentre todo o posible nesta modificación para facilitar a xestión municipal, e así o fixemos, polo que as vindeiras modificacións xa non serán deste calado. DO dinos que nos estamos aquí postos por un partido, pero estamos postos polos votos dos veciños, xa que case todos encabezamos listas municipais, e vostede, o voceiro de DO, está posto porque o elixiu o seu líder. Cada un a lexitimidade democrática que ten.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), o voto en contra de DO (2) e a abstención do Grupo Socialista (7) e do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, consistente na concesión de **suplementos de créditos, créditos extraordinarios e da modificación das Bases de execución**, co seguinte contido:

Primeiro. Concesión de **SUPLEMENTOS DE CRÉDITO** por importe de **23.359.743,32 euros**, financiado co remanente de tesourería para gastos xerais, con relación ás aplicacións orzamentarias seguintes:

Aplicación Orzamentaria	CONCEPTO	IMPORTE
13516/46700	CONSORCIO PROVINCIAL DE INCENDIOS. A CONSORCIOS	247.795,64
16111/22706	SERVIZO DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE. ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	577.018,82
16112/22706	EDAR DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS. ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	200.554,29
16115/78099	COMUNIDADES DE REGANTES. A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO.	500.000,00
16201/22602	COOPERACIÓN XESTIÓN LIXO. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	100.000,00
16201/22620	COOPERACIÓN XESTIÓN LIXO. UTENSILIOS	20.000,00
16201/22700	COOPERACIÓN XESTIÓN LIXO.LIMPEZA E ASEO	1.702.000,00
16201/22706	COOPERACIÓN XESTIÓN LIXO. ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	70.000,00
16201/62300	COOPERACIÓN XESTIÓN LIXO. MAQUINARIA, INST. E FERRAMENTAS	1.000.000,00
16201/62400	COOPERACIÓN XESTIÓN LIXO. ELEMENTOS DE TRANSPORTE	900.000,00
16201/63200	COOPERACIÓN XESTIÓN LIXO. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	285.000,00
16202/62200	PLANTAS DE TRANSFERENCIAS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	595.000,00
17111/62200	PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS.	230.000,00
17111/62300	PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES. MAQUINARIA, INST. E FERRAMENTAS	40.000,00
17911/72109	MELLORA MEDIO RURAL. A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL	145.500,00

23111/46200	ACCION SOCIAL. A CONCELLOS	300.000,00
23111/48099	ACCION SOCIAL. A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO.	422.939,50
31200/76299	XERIATRICOS. A CONCELLOS.	500.000,00
32611/45199	UNIVERSIDADE DE VIGO. A ORGANISMOS AUTONOMOS E AXENCIAS DA CCAA	100.000,00
33418/12100	CENTRO CULTURAL MARCOS VALCARCEL. COMPLEMENTO DE DESTINO	2.000,00
33418/12101	CENTRO CULTURAL MARCOS VALCARCEL. COMPLEMENTO ESPECIFICO	13.000,00
33418/22003	CENTRO CULTURAL MARCOS VALCARCEL. CATALOGOS E EXPOSICIÓNS	40.000,00
33418/22103	CENTRO CULTURAL MARCOS VALCARCEL. COMBUSTIBLES E CARBURANTES	6.342,84
33418/22606	CENTRO CULTURAL MARCOS VALCARCEL. REUNIÓNS E CONFERENCIAS	40.293,00
33419/20900	TEATRO PRINCIPAL. CÁNONES SGAE	6.884,51
33420/22609	ACTIVIDADES CULTURAIS. ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS.	230.000,00
33420/22615	ACTIVIDADES CULTURAIS. ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS.	300.000,00
33420/22617	ACTIVIDADES CULTURAIS. OURENROCK SOUND	35.000,00
33420/48099	ACTIVIDADES CULTURAIS. A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO.	744.007,50
33420/48107	ACTIVIDADES CULTURAIS. PREMIOS	3.000,00
33420/48901	ACTIVIDADES CULTURAIS. OUTRAS TRANSFERENCIAS PLAN TARAZANA	120.000,00
33420/48905	ACTIVIDADES CULTURAIS. TRANSFERENCIAS FUNDACIÓN EDUARDO BLANCO AMOR	12.000,00
33420/62501	ACTIVIDADES CULTURAIS. ESCULTURAS E PERTENZAS	200.000,00
33421/62501	FUNDACION INSUA DOS POETAS. ESCULTURAS E PERTENZAS.	20.538,48
34111/22608	FOMENTO DO DEPORTE. ACTIVIDADES DEPORTIVAS	226.000,00
34111/48099	FOMENTO DO DEPORTE. A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO.	658.100,00
34111/48208	FOMENTO DO DEPORTE. COPAS DEPUTACIÓN	55.000,00
34111/75000	FOMENTO DO DEPORTE. A XUNTA DE GALICIA	2.950.000,00
34211/22100	PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ. ENERXÍA ELÉCTRICA	999,37
34211/62300	PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ. MAQUINARIA, INST.T E FERRAMENTAS	70.000,00

41411/76201	MEDIO RURAL. A CONCELLOS	671.666,71
42011/41000	INORDE. A ORGANISMOS AUTÓNOMOS DA ENTIDADE LOCAL	408.000,00
43111/48099	FEIRAS E EXPOSICIÓNS. A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO.	85.000,00
43213/62724	PROXECTO EAPA_0003/2022-POST. TURISMO POLICÉNTRICO SOSTIBLE	39.165,00
45012/22100	COOPERACIÓN PROVINCIAL. ENERXÍA ELECTRICA	2.396,92
45012/46300	COOPERACIÓN PROVINCIAL. A MANCOMUNIDADES	190.000,00
45311/22706	VÍAS E OBRAS PROVINCIAIS. ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	102.230,42
45311/61903	VÍAS E OBRAS PROVINCIAIS. REPARACION VÍAS PROVINCIAIS	4.000.676,94
45312/22299	PARQUE MOBIL E DE MAQUINARIA. OUTROS GASTOS COMUNICACIÓNS.	63.948,50
45313/21300	PARQUE DE FORNECEMENTOS. MAQUINARIA, INST. T E FERRAMENTAS	64.670,70
45313/22111	PARQUE DE FORNECEMENTOS. SUM. REPOSTOS MAQUINARIA	50.000,00
de Unidades da Garda Civil de España. O Goberno ten o deber de defender a presenza da Garda Civil, un dos corpos policiais máis preparados e modernos do mundo e que cumpre con honra a misión de protexer o exercicio libre dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade nas nosas rúas, estradas, camiños, pobos, de aí a necesidade de apoiar a súa permanencia en todos os pobos e rexións de España, especialmente na España Rural, pois o coñecemento do terreo e da sociedade da que forman parte é o mellor expoñente para garantir a seguridade nestas zonas despoboadas. A Garda Civil na Comunidade Autónoma de Galicia é responsable da seguridade cidadá de 300 dos 313 municipios da comunidade, un 95,54% do total. Para realizar este cometido conta con máis de 5000 efectivos. A Zona da Garda Civil de Galicia está formada polas Comandancias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, cun total de 166 postos, de eles 16 principais, 142 ordinarios e 8 auxiliares, distribuídos en: Comandancia da Coruña conta con 51 postos, a Comandancia de Lugo con 48, a Comandancia de Ourense con 33 e a Comandancia de Pontevedra con 33. A Comandancia de Ourense distribúese en 33 postos e conta con 839 efectivos distribuídos en 4 compañías territoriais, e conta coas especialidades de Policía Xudicial, Información, Seprona, Intervención de Armas, Cinolóxico, Fronteiras e Fiscal, Montaña e Tráfico entre outras. Dos 910 postos de Garda Civil que aparecen no catálogo para a provincia de Ourense soamente se atopan cubertos 839, ao igual que tamén está incompleto o catálogo de efectivos en reserva. As novas tecnoloxías e unha cultura do traballo máis flexible e menos presencial son, á súa vez, un excelente aliado para que moitos españois teñan a posibilidade de permanecer residindo nas súas cidades ou pobos e incluso, se así o desexan, poidan volver a eles, como puidemos ver dende a pandemia do COVID. Coa mirada posta neste horizonte, o noso obxectivo ten que ser axudar ao medio rural ourensán a potenciar o seu dinamismo, crear novas oportunidades e difundir as posibilidades que ofrece, garantindo a seguridade necesaria ao igual que nas contornas urbanas. Xunto ás grandes cidades, temos que traballar para que as oportunidades cheguen tamén a aqueles lugares máis afastados, a eses municipios máis pequenos onde viven e queren seguir vivindo moitos españois, estamos convencidos de que un dos piares básicos nos que se deben soste as medidas para frear o despoboamento pasa por ter uns niveis de seguridade óptimos que garantan a liberdade dos cidadáns así como o establecemento de infraestruturas e desenvolvemento empresarial. É necesario poñer de manifesto o valor que aporta a Garda Civil ás zonas rurais da provincia de Ourense, pois dos 304.550 ourensáns tan só o 34% reside na cidade, estando o outro 66% baixo a demarcación da Garda Civil. De aí a necesidade de

manter un despregamento territorial adecuado que sexa sensible a todas as demandas e que garanta a igualdade de oportunidades e dereitos en calquera parte do territorio. As administracións locais demandan máis seguridade para os seus pobos, e máxime cando a maioría dos concellos non cantan con Policía Local propia. Segundo os recentes datos publicados polo Ministerio do Interior o ano 2023 pechouse na provincia de Ourense cun aumento da criminalidade convencional do 7,7%, chamando especialmente a atención o aumento dos delitos contra a liberdade sexual que aumentaron nun 11% e os roubos con forza en domicilios un 18,7%. Dende o Goberno de España estase a producir un desmantelamento da seguridade nas zonas rurais que afecta especialmente á nosa provincia de Ourense. Segundo resposta do Goberno no pasado mes de novembro, os cuarteis da provincia de Ourense soamente terán atención ao público presencial dende as 09.00 horas ás 14.30 horas *"fuera de ese horario la prestación del servicio se mantén mediante internet, por vía telefónica o por la aplicación AlerCorps"*. Algo totalmente incomprensible nunha provincia cunha poboación maior e con gran dispersión. Por outra banda, o Goberno a través da Orde Xeral 25/2023, do 28 de decembro, sobre as Compañías e Postos territoriais da Garda Civil, prevé un peche de varios postos auxiliares, algún de maneira inminente como o do Concello de Baltar, sendo este un Concello fronteirizo con Portugal e que fai inexplicable este peche. Ademais, vense de aprobar por parte de Goberno de España a supresión da unidade de Fronteiras e Fiscal de Lobios, abrigando ao traslado de 6 familias e deixando sen ese servizo á Comarca da Baixa Limia, unha das comarcas ourensás con máis quilómetros de fronteira con Portugal, producindo un agravio máis ao rural ourensán. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao Pleno o seguinte ACORDO • Instar ao Goberno de España a:

- 1.- Apoiar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os cuarteis da Garda Civil na provincia de Ourense, dotándoa de máis medios persoais e materiais.
- 2.- Colaborar cos concellos da provincia de Ourense no mantemento da seguridade cidadá.
- 3.- Proceder á atención presencial dos ourensáns nos cuarteis da provincia de Ourense as 24 horas do día.
- 4.- Paralizar urxentemente o traslado da Unidade de Fronteiras e Fiscal de Lobios.
- 5.- Non pechar ningún posto na provincia de Ourense.
- 6.- Reforzar de maneira urxente os postos da Garda Civil en todas aquelas zonas que carecen de Policía Local.
- 7.- Ocupar as prazas totais que aparecen no catálogo de postos de traballo para a provincia de Ourense e que están libres na actualidade.
- 8.- Elaborar un plan de incentivo profesional e económico para que os axentes queiran ocupar os postos de baixa

demanda no medio rural. 9.- Empregar urxentemente as vacantes de persoal en reserva sen destino, para dotar de máis axentes á provincia de Ourense.

1ª intervención de Antonio Fernández Martín, de DO, intervén para manifestar que pechar as casas cuarteis na nosa provincia prexudicará á nosa veciñanza, polo que lle pide ao Grupo Socialista que aclare o futuro deste servizo fundamental para loitar contra a delincuencia e a seguridade, especialmente nunha provincia como a nosa con poboación envellecida e polo tanto vulnerable. Quen vai ser o representante do Grupo Socialista que lle explique esta situación aos veciños dos nosos concellos onde se pechan os cuarteis. Vemos que o Goberno Socialista de España ten outras prioridades e queren dismantelar e deixar sen cuarteis a moitos dos nosos pobos, con movementos que se están ocultando á opinión pública e executándose rapidamente e sen comunicación ningunha. Pregunta a onde se están destinando os novos Gardas Cívís das ofertas de emprego do Ministerio do Interior e porqué non se cobren os 901 postos de traballo da nosa provincia. Estas preguntas son as que se fai DO e a xente da nosa provincia e que poñen de manifesto a discriminación da nosa provincia polo Estado Español.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, para comezar sinala que os cuarteis da Garda Civil son importantes para os nosos concellos e para a súa veciñanza, pero tamén temos que lembrarnos dos centros de saúde, sen pediatras ou sen matronas, e operativamente pechados moitos días no noso territorio, cando son unha necesidade perentoria. Existe unha nova recente da Asociación Unificada da Garda Civil que reclama unha reestruturación deste corpo en Galicia, xa que considera o seu actual despregue anticuado e con un insuficiente número de axentes, e consideran que os cuarteis con menos de corenta axentes non son operativos. Xorden cousas como o do Cuartel de Lobios, que o que realmente se está sacando de alí é a unidade fiscal, quedando seguridade cidadá e unha unidade do Seprona. No fondo do asunto está que o artigo 27 do noso Estatuto de Autonomía fala da Policía propia de Galicia, e que nos diría como artellar a seguridade propia do noso país e moitos dos puntos recollidos nesta moción quedarían solucionados. Por certo tamén un corpo que podería estar composto por tantos galegos e galegas que forman parte doutros corpos e Forzas de Seguridade do Estado, e que hoxe non están destinados no noso país. Non está mal que lle reclamemos ao Estado, pero podemos solucionalo dotándonos de Policía propia, polo que debemos esixirlle á Xunta que asuma e exerza as competencias recollidas no Estatuto de Autonomía. Remata indicando que o seu grupo se vai abster nesta moción.

1ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, intervén para manifestar que o Plan de reestruturación territorial da Garda Civil ven do goberno do PP de Mariano Rajoi, e que o actual Ministro do Interior decidiu tomalo como propio. Era un plan redactado desde a propia Garda Civil e que o PSOE adoptou do PP, para modernizar este Corpo. No ano 2006 había en España 116379 integrantes dos CC e FF de Seguridade do Estado, no ano 2023 hai 156.413, é dicir máis dun 30% de incremento, que sempre se deu nos gobernos do Partido Socialista. De desmantelamento, nada. En Galicia estamos hoxe nos 9000 axentes da Garda Civil, cun considerable incremento nestes anos. Na provincia temos 1 Garda Civil por cada 350 habitantes, mentres en España a media é de 1 Garda Civil por cada 600 habitantes. Tamén se incrementan as ofertas de emprego deste corpo cada ano. Segundo o xornal La Región, Ourense é unha das provincias máis seguras para vivir, cunha taxa de criminalidade moi baixa, e cunha taxa moi alta de esclarecemento de delitos. A moción do PP lanza bulos sen ningunha consistencia. Os deputados do PP en Madrid din que o desmantelamento do Cuartel de Lobios deixa desprotexida á Comarca da Baixa Limia, cando na nosa provincia xa hai sesenta concellos de noventa e dous que non teñen nin Cuartel nin posto da Garda Civil. Non existe desmantelamento nin redución de servizos. Incomprensible é que acuse de redución de horarios cando estes xa levaban postos desde o ano 2016, e a maioría dos postos da Garda Civil desde ese ano só abren en horario de mañá. Temos que darlle unha marxe de confianza para que se poida usar o 062.

2ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular (cede a súa intervención). Intervén María de los Ángeles Fraguas Vieiro, muller de Garda Civil, da Asociación “Nuestro Corazón por Bandera”, e que pertence a unha plataforma creada a raíz do asasinato de dous Gardas Cívís en Barbate de hai dous meses. Explica que se trata dunha asociación de familiares, xa que a Garda Civil non pode ter sindicatos ao ser unha organización militar. Todo o mundo ten os seus datos, pero ela pode achegar datos reais. Respecto ao horario dos cuarteis da Garda Civil, non teñen o horario de 09.00 a 14.00 horas desde hai moitos anos como dixo o voceiro socialista, senón que este horario é desde a pandemia e hai moitos cuarteis totalmente pechados desde esa época, sendo a provincia de Ourense das máis prexudicadas. Hai moitos axentes de baixa ou destinados en grupos operativos que antes estaban en seguridade cidadá, e todas esas vacantes non se cobren. Están saíndo patrullas con persoal de varios cuarteis, e moitos deles pechan varias horas ao día. Temos coñecemento dunha persoa que hai uns días tivo que percorrer 150 quilómetros para poñer unha denuncia

en Xinzo de Limia. Que lle dirían vostedes ás vítimas de violencia de xénero?. Deben ter vostedes os datos verdadeiros e coñecer a situación real na nosa provincia. Hai concellos onde se pechan cuarteis e se está a poñer unha especie de Garda Civil dixital, que é unha pantalla para facer denuncias e trámites. Vostedes cren que se pode axudar á xente mediante pantallas? No rural, con tanta xente maior desamparada, fan un traballo de axuda imprescindible, e a situación cada vez vai a peor e en declive.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, comeza recoñecendo o traballo que fai a Garda Civil, especialmente no noso rural, indicando que o concello e a propia Garda Civil sempre son os primeiros en chegar cando hai algunha emerxencia. Isto non é óbice para outras cuestións. Insiste en por que non exercer os nosos dereitos, e esixir a creación dese corpo de Policía propio e despois organizarnos nós, porque os galegos e as galegas xa somos maiores de idade para saber xestionarnos e dunha forma máis próxima á realidade do país. Ao final uns corpos non son incompatibles con outros, e esixamos á Xunta de Galicia a creación da nosa Policía propia.

2ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, nesta quenda explica que respecto ao posto de Lobios, o que se traslada é a patrulla fiscal de fronteiras, e coa distribución actual asegúrase a seguridade cidadá e a cobertura de todo o territorio dese núcleo operativo e atención permanente as 24 horas. O último posto que se pechou nesta provincia, no ano 2013, foi o de Entrimo e o auxiliar da Mezquita, e pechounos o Partido Popular. En todo caso non é de recibo que a nosa veciñanza da Baixa Limia estea preocupada pola mala información que se está dando, aínda non sabemos que se vaia pechar o cuartel do Concello de Baltar. Remata felicitando á Garda Civil polo seu traballo e labor, especialmente na nosa provincia. Por último pídlle ao PP que teña o mesmo celo para o peche por exemplo de colexios ou escolas, xa que desde que entrou Feijoo no goberno da Xunta pecháronse 120 colexios en toda Galicia.

3ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, manifesta que se nos plenos dos respectivos concellos se están a tomar acordos é porque hai temor ante o peche de cuarteis, e se hoxe están aquí asociacións e familiares de Gardas Cívís é polo mesmo. Non se poden comparar asuntos como o peche de colexios ou a seguridade da nosa veciñanza xa que son cousas moi diferentes. Quere poñer en valor a importante falla de medios da nosa Garda Civil. As patrullas non teñen chalecos antibalas, non teñen mamparas de protección nos vehículos e as fundas das pistolas téñenas que comprar eles porque o Ministerio non llas

subministra. Non están considerada como profesión de risco, e por exemplo a Policía Nacional e a Local si o están. Temos que reclamar maior seguridade para protexer á Garda Civil, especialmente en Ourense, e pedimos que se lles dote dos medios necesarios, e senón se nos dan máis medios, polo menos que non se nos quiten.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (2), o voto en contra do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a:

- 1.- Apoiar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os cuarteis da Garda Civil na provincia de Ourense, dotándoa de máis medios persoais e materiais.
- 2.- Colaborar cos concellos da provincia de Ourense no mantemento da seguridade cidadá.
- 3.- Proceder á atención presencial dos ourensáns nos cuarteis da provincia de Ourense as 24 horas do día.
- 4.- Paralizar urxentemente o traslado da Unidade de Fronteiras e Fiscal de Lobios.
- 5.- Non pechar ningún posto na provincia de Ourense.
- 6.- Reforzar de maneira urxente os postos da Garda Civil en todas aquelas zonas que carecen de Policía Local.
- 7.- Ocupar as prazas totais que aparecen no catálogo de postos de traballo para a provincia de Ourense e que están libres na actualidade.
- 8.- Elaborar un plan de incentivo profesional e económico para que os axentes queiran ocupar os postos de baixa demanda no medio rural.
- 9.- Empregar urxentemente as vacantes de persoal en reserva sen destino, para dotar de máis axentes á provincia de Ourense.

11.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O FINANCIAMENTO DOS CONSERVATORIOS PROFESIONAIS DE MÚSICA DA PROVINCIA DE OURENSE

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, en base ao previsto na Lei

de bases reguladora do réxime local, ao artigo 91 e 97, entre outros, da Regulación de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o Regulamento desta corporación presenta para o seu debate e aprobación a seguinte MOCIÓN SOBRE O FINANCIAMENTO DOS CONSERVATORIOS PROFESIONAIS DE MUSICA DA PROVINCIA DE OURENSE. O Grupo Provincial Socialista desta Deputación provincial ten presentado diferentes iniciativas sobre o financiamento dos conservatorios que existen na provincia de Ourense. Na actualidade contamos con conservatorios profesionais de musica nos concellos de O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia, sendo, ao amparo da lexislación vixente, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia a que regula este tipo de centros. En varias ocasións temos denunciado a flagrante discriminación da devandita Consellería, que financia o 100% do Conservatorio de grao profesional de Ourense capital, limitándose a unha simbólica aportación por alumno/a matriculado/a no resto de centros que, situados no resto de vilas da provincia, ofrecen exactamente a mesma titulación e capacitación. Certo que se trata dunha aportación que foi incrementándose paseniñamente co tempo, pero que, aínda así, dista moito de cubrir os gastos reais dunhas instalacións que contan cun importante volume de profesorado, en función das disciplinas impartidas, amais dos custes en bens, subministracións e instrumentos necesarios para cumprir coas necesidades do curso escolar e cos imperativos da lexislación vixente. Os conservatorios profesionais de musica que están nas cabeceiras de comarca, e que son financiados exclusivamente por cada un dos concellos nos que se sitúa o centro, reciben alumnos e alumnas das súas respectivas áreas de influencia. Tras cursar até dez niveis nas diversas especialidades musicais ofertadas, ao remate dos dez cursos as alumnas e os alumnos obteñen a titulación de grao profesional, que os habilita para cursar estudos superiores de música en calquera dos dous centros de grao superior que existen en Galicia (Santiago de Compostela e Vigo). Esta oferta educativa musical é, asemade, complementaria cos estudos de primaria e secundaria que as alumnas e alumnos realizan nestes centros, sen ter que desprazarse á capital, reducindo deste xeito os tempos de traslado e os custes para as familias, facilitando a compatibilidade para unha mellor optimización dos tempos de estudo. Doutra banda, o conservatorio da cidade non sería capaz de asumir un incremento tan substancial no número de prazas, o cal implica que este servizo non se prestaría, que moitas familias quedarían sen atender no caso de que non fose asumido polos concellos. O grupo provincial socialista xa presentou en decembro de 2019 unha proposta de

acordo para chegar a un acordo de financiamento entre a Xunta de Galicia, a Deputación provincial e os concellos. Tal e como recollen as actas daquel pleno, no debate daquela moción o grupo Popular afirmou que se trataba dunha competencia autonómica, aseveración compartida por todos os grupos da corporación (BNG, DO e Ciudadanos), sendo aprobada a emenda de substitución presentada por PP e DO que demandaba “instar ao goberno provincial a dirixirse á Xunta de Galicia para, en colaboración cos concellos, traballar nun modelo de financiamento dos conservatorios municipais que, atendendo a criterios técnicos e de calidade no ensino, permita outorgar, unha maior estabilidade no seu financiamento”. Nada máis se soubo daquel acordo, nin se produciron conversas entre administracións. Namentres, os concellos seguen a soportar os elevados gastos destes centros de ensino, agás o conservatorio da capital, que segue a estar completamente sufragado polo goberno autonómico, no que supón unha clara discriminación cara os outros concellos, que teñen moita menor capacidade económica para ofertar este servizo. A mediados do mes de decembro de 2016, responsables locais da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) resolveron trasladar á Xunta a demanda de constitución dunha mesa de negociación para abordar o financiamento dos conservatorios profesionais de música, sufragados na súa totalidade polas arcas locais. En Galicia son máis de 30 os centros que imparten esta formación, dos que nove están xestionados pola administración autonómica. Isto supón unha importante carga económica para os municipios que só contan cos fondos propios, considerando os responsables locais da Fegamp na importancia de garantir a continuidade destes centros, a súa maioría situados nas cabeceiras de comarca, dado que os autonómicos non teñen prazas suficientes para cubrir a demanda formativa. O obxectivo era abrir unha mesa de negociación para garantir a viabilidade económica que asegure o seu futuro. Unha demanda lexítima da Fegamp, dos alcaldes concernidos e do Grupo Provincial Socialista, e á que responde unha das partidas comprendidas na máis recente modificación de crédito desta Deputación, que contempla unha partida específica de 200.000€ a repartir entre os cinco conservatorios profesionais da provincia. Un xesto a tomar en consideración por parte da Deputación que, porén, entóxase insuficiente para cubrir os custes reais destes centros, que deberan ser asumidos na súa totalidade pola Xunta de Galicia. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

PRIMEIRA.- Solicitar que a Deputación de Ourense demande á Xunta de Galicia que asuma a financiación completa dos cinco conservatorios de grao profesional da provincia de

Ourense, a saber, Verín, Xinzo de Limia, O Barco de Valdeorras, Carballiño e Ribadavia. SEGUNDA.- Namentres non se logra facer efectiva a financiación autonómica, instar á Deputación de Ourense a incrementar gradualmente o co-financiamento anual e as axudas dirixidas aos concellos que dispoñen de conservatorios profesionais.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, fai uso desta quenda para apuntar que o Grupo Socialista podería ter esixido máis que os 40.000,00 € que van na modificación de crédito que se aprobou neste Pleno. A continuación explica que el é titulado superior e profesor de violín, e foi profesor de música no ensino secundario, e en conservatorios profesionais e en conservatorios superiores, e acabou nunha escola de música. Tiven a sorte de poder escoller, e acabar así nunha escola de música xa que o considera o futuro das ensinanzas musicais. Podería acabar co debate dicindo que os conservatorios non son competencia da Deputación. A Deputación e os concellos están para o que están, e debemos gastar os cartos nas nosas competencias. Engade que as escolas de música son moito máis económicas e teñen unha filosofía totalmente distintas ás dos conservatorios, que esixen moito ao alumnado e é a ensinanza máis cara que existe, e onde máis do 90% do alumnado que empeza, non termina. O que hai que ofrecer é que os alumnos disfruten e o pasen ben, e neste senso as escolas de música se adaptan ao alumnado, mentres os conservatorios teñen unha estrutura moi rixida. Os concellos deben reformularse o futuro dos conservatorios e apostar pola modalidade das escolas de música.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, intervéñ para sinalar que ao final para ter a titulación hai que estudar nun conservatorio. A Lei de Educación reflicte que todos os nenos e nenas teñen dereito a acceder a niveis superiores de ensino en función das súas aptitudes e vocacións, e no caso da música moitas veces non é posible. En Allariz nós temos escola de música, pero hai pais e nais que deciden apostar pola formación regrada nos conservatorios. O artigo 1 da LOMLOE establece o dereito de garantir unha educación de calidade para todos os nenos e nenas, e é de xustiza que se esa formación regrada existe debe dársele ese carácter, e temos claro que a competencia é claramente autonómica. Imos apoiar esta moción, facendo especial fincapé no seu primeiro punto, lembrando que son moitas as competencias impropias que asumen hoxe os concellos e que deberían ser asumidas pola Xunta e polo Estado, pero a veciñanza nolo esixe por ser a administración máis próxima á nosa veciñanza.

1ª intervención de César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular, fai uso desta quenda para explicar que este asunto xa se debateu neste Pleno anteriormente e que ten matices que o fan

complicado. Segundo a Lei de Educación as ensinanzas regradas non son competencia dos concellos, iso está claro. Agora ben, é unha competencia delegada ou obriga que un concello teña un conservatorio? Evidentemente non, senón que é unha decisión que cada concello adopta dentro da súa autonomía municipal, polo que temos dous principios claramente enfrontados. Hai que meter un terceiro elemento que é que as competencias teñan o seu financiamento, e cando un concello asume unha competencia que non é propia debe ter en conta que hai que dotala economicamente. A Xunta leva anos colaborando cos concellos para o cofinanciamento dos conservatorios, de aí a importancia da colaboración e cooperación interadministrativa. Os concellos deben ser conscientes de que a carteira de servizos que se presten, aínda que estes sexan competencias impropias, deben estar dotados economicamente. Kant, na súa obra “Qué es la Ilustración” falaba de que era a saída que ten o home da súa autoculpable minoría de idade, escapando das conviccións e atrevéndose a pensar por si mesmo e asumir a autonomía da razón. De igual xeito os concellos deben asumir con responsabilidade que cando toman a decisión de prestar un determinado servizo, deben contar con financiamento, e debe asumilo quen decide libremente prestar ese servizo. Para rematar sinala que lle van propoñer ao grupo propoñente a votación por puntos, xa que polo exposto non apoian o punto primeiro, pero si aceptan e apoian o punto segundo, xa que esta Deputación quere colaborar cos concellos da nosa provincia no mantemento deste servizo que prestan os concellos.

2ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, na que sinala que hai un proverbio chino que di que “la perseverancia es la base de todas las acciones”, e non estou de acordo co manifestado polo voceiro de DO respecto á que as escolas de música son mellores que os conservatorios, lembrando que estes exercen ensinanza regrada e expiden títulos, moitas veces necesarios para acceder a outros estudos ou optar a postos de traballo. Sinala que estes servizos impropios supoñen unha carga enorme para as arcas dos concellos. Engade non entender que agora o Grupo Popular non apoie instar á Xunta de Galicia, cando unha moción case idéntica, xa se aprobou neste Pleno a través dunha emenda do propio Grupo do PP e de DO, polo que lle parece pouco serio pedir agora unha votación por puntos nesta moción. Dito isto, sinala que son moitos os servizos impropios que están a ser asumidos polos concellos e que non veñen recollidos na Lei de bases de réxime local, e que esta situación leva a que non poidan facer investimentos ou asumir outros servizos. Os conservatorios nas vilas nacen coa finalidade de evitar que a poboación teña que desprazarse á capital e responder ás

inquietudes musicais dunha parte da veciñanza, e hoxe cada conservatorio profesional da nosa provincia acolle en torno a 120-150 alumnos, prestando un moi bo servizo educativo. Son moitos os intentos destes concellos para obter financiamento axeitado, e nos alegamos que se atendese á alegación do Grupo Socialista e esta Deputación por primeira vez vaia a colaborar economicamente con estes concellos, e lembra que todos os concellos da nosa Comunidade Autónoma están na liña das reivindicacións recollidas na moción, especialmente no relativo a instar á Xunta de Galicia a facerse cargo dos conservatorios de grao profesional. Remata indicando que polo exposto non van a aceptar a votación separada por puntos nesta iniciativa política do grupo socialista.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, na que sinala que o máis lóxico era ter esixido o orzamento axeitado para estes servizos cando se negociaron os orzamentos da Deputación, e non agora. Explica que el tivo que estudar nun conservatorio pero cre que non aprendeu moito. O mellor deporte para o cerebro é tocar un instrumento. As escolas de música poñen o acento na práctica dun instrumento e o fan para desfrutar da música. As escolas de música deben ser potenciadas desde os concellos, xa que dan un mellor servizo e máis barato que os conservatorios. A mellor maneira de defender a ensinanza musical é esta.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, na que sinala que frase máis famosa de Kant é que “o sabio pode cambiar de opinión, o necio nunca”, de aí que o Grupo Popular cambien agora o sentido do seu voto, facendo quedar como necios aos outros grupos. Non ten moito sentido que o Grupo do PP votase unha cousa fai un ano e agora vote o contrario. Sobre os servizos impropios asumidos polos concellos nos fai chegar a incumplir a propia lei, como facemos por exemplo cos servizos sociais municipais, porque os nosos veciños e veciñas teñen os mesmos dereitos e deben poder desfrutar dos mesmos servizos. En todo caso remata insistindo en que se trata dunha competencia propia da Xunta de Galicia e que a ten que asumir.

2ª intervención de César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular, na que sinala que case todos os concellos que teñen conservatorio teñen paralelamente escolas de música, pero isto é unha decisión autónoma de cada concello tomada no seu momento. Por último sinala que efectivamente o cambio de opinión prodúcese no momento en que non hai posicións dogmáticas nin idea fixas, polo que é perfectamente coherente. Remata sinalando que os concellos somos libres ou non de asumir determinadas competencias e debendo ser conscientes das consecuencias que iso implica.

3ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, na que precisa que o Grupo Socialista ten perseverado nas súas reclamacións, e xa conseguiron que chegue o Plan Único a esta Deputación e agora o cofinanciamento para os conservatorios municipais de grao profesional. Queda claro que o Grupo Popular non quere esixir á Xunta de Galicia que asuma unha competencia que claramente é súa, como se dixo, e insiste en que o Grupo Socialista seguirá perseverando na súa teima.

Sr. Presidente fai uso da palabra para pechar o debate e sinala que desde o punto de vista institucional debemos ter un certo respecto polas competencias e non podemos crear un servizo e logo pedir que nolo financien, e en todo caso este debate dáse respecto do punto primeiro no Parlamento de Galicia, e si aceptamos o segundo punto, que afecta á Deputación, e este grupo de goberno xa amosou a súa intención e vontade de colaborar coa aportación que se fai a estes concellos e que ía incluída na modificación orzamentaria aprobada neste Pleno.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de DO (2).

12.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA PALIAR AS PERDAS DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS SOMETIDAS A BALEIRADOS SANITARIOS

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, deputado do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de bases reguladora do réxime local, ao artigo 91 e 97, entre outros, da Regulación de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o Regulamento desta Corporación presenta unha MOCIÓN PARA PALIAR AS PERDAS DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS SOMETIDAS A BALEIRADOS SANITARIOS. A mediados do pasado mes de marzo, unha granxa de vacas situada na aldea de Palleirós, no concello de Manzaneda, tivo que sacrificar todas as súas reses tras detectarse algúns casos illados de tuberculose bovina. Despois de que uns poucos exemplares da explotación desen positivo en tuberculose, a

Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia ditaminou o sacrificio de todo rabaño, que incluía outras 40 vacas que até entón sempre deran negativo en tuberculose nos controis sanitarios aos que foran sometidas. Malia que se solicitou a repetición das probas e que, no caso de confirmarse o bo estado de saúde do resto das vacas, estas non fosen sacrificadas, o gandeiro viuse na obriga de levar a cabo un baleirado sanitario de elevado impacto económico para a explotación. Sen tomar en consideración o impacto do lucro cesante, as perdas para o gandeiro ascenderon a uns 32.000 euros. Entre o que se paga por animal sacrificado, o que paga o matadoiro pola carne e a axuda de 5.000 euros por trimestre por lucro cesante, os gandeiros reciben entre 1.000-1.200 euros por cabeza de gando, que non é suficiente para empezar de novo. As axudas que a Xunta de Galicia contempla non cobren o global de perdas dos gandeiros: dunha banda, non alcanzan en modo algún para a reposición dos animais sacrificados, que se atopan en idade de produción madura, aos prezos de mercado e; doutra banda, tampouco toman en consideración as cantidades que os gandeiros deixan de percibir polo dano inflixido. En conclusión, as indemnizacións non acadan o custe real que ten a reposición ou reparación dos danos polos prexuízos que ocasiona un baleirado sanitario. Esvaécense así traballo e aforros dunha vida investida nunha explotación de vacún de carne de alto rendemento. No Estado español, a lei obriga ao sacrificio dos animais que dean positivo en tuberculose, mesmo sendo estes asintomáticos. O Programa nacional de erradicación da tuberculose bovina 2023 prescribe mesmo o sacrificio dun rabaño enteiro (“baleirado sanitario do establecemento”) se media algún caso positivo, en función da prevalencia na comunidade. No caso de Galicia, onde a prevalencia é de 0, o máis mínimo positivo en tuberculose implica case que automaticamente a medida máis extrema, a saber, o baleirado sanitario dunha explotación enteira. Aínda que son mellores os datos para o vacún de leite que para o de carne en extensivo e considerando que a erradicación completa da tuberculose entóxase imposible, a situación en España é moi satisfactoria, con taxas de prevalencia moi baixas en case que todas as comunidades autónomas.

Constatando a que a situación epidemiolóxica en Galicia é óptima e que esta resulta máis que aceptábel no resto do Estado, cabe subliñar os grandes avances de hoxe en día a tomar en consideración en materia de diagnose. Na era da nanotecnoloxía e da xenética molecular, a proba que se leva a cabo nas vacas, que é a de intradermorreacción preséntase coma un método case que “artesanal” e “primitivo”, que apenas evolucionou durante o último século. A realización dun exame que ten como obxectivo avaliar a resposta inmunolóxica das reses a

uns alérxenos específicos, indo de explotación en explotación pinchando aos animais para, logo de tres días, regresar e avaliar o efecto da inxección, semella bastante pintoresco no terceiro milenio. Así as cousas, en virtude da baixa prevalencia, habería que avanzar cara o diagnóstica en vida dos animais da explotación afectada, evitando así os baleirados sanitarios que ameazan ser unha sentenza de morte para as granxas, que moitas veces non se recuperan e que, amais, adoitan estar situadas en zonas afectadas polo despoboamento. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia un incremento dos complementos ás axudas estatais aos gandeiros afectados polos baleirados sanitarios, que lles permitan sobrepoñerse con garantías ás perda total do seu medio de subsistencia. SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia a posta en marcha de mecanismos de diagnose do gando en vida, que permita sacrificar unicamente ás vacas contaxiadas de tuberculose bovina e respecte a vida daquelas que non padecen o andazo, minimizando así o impacto económico sobre as explotacións gandeiras.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, retomando o debate do punto anterior sinala que os profesores das escolas de música tamén están capacitados para preparar ao alumnado os exames de grao. Sobre esta moción apunta que os deputados do BNG, PP e PSOE teñen na pertenza a ese partidos o pecado orixinal. En principio está de acordo coa moción e tamén coa emenda que formula o PP.

1ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, na que comeza destacando a importancia de debater en termos políticos que é o que verdadeiramente lle interesa a este país. Recorda as campañas de saneamento cando comezaron a ser obrigatorias nos anos oitenta, e que supuxeron unha evolución moi favorable da nosa cabana gandeira. Daquela a hoxe as campañas de saneamento foron evolucionando favorablemente, e foi un grande acerto da política gandeira do PP, que provocou a desaparición de máis do oitenta por cento das explotacións gandeiras da nosa provincia. Hoxe non deben quedar en todo Ourense máis de 50 explotacións de vacún de leite, no sector ovino desapareceu máis do oitenta por cento, no vacún de carne desde o ano 2009 desapareceron nesta provincia o sesenta por cento das explotacións, e a maior parte das que desapareceron foron as explotacións en extensivo, que son as que axudan a protexer o noso medio natural e rural. Detrás das explotacións están as persoas que poboaban o noso rural, e iso propiciou o abandono rural. Nun momento actual

cunha prevalencia tan baixa non hai ningunha razón política para que non se lle dea unha solución económica ás explotacións afectadas, porque as indemnizacións que se están a dar non chegan, e o obxectivo político debe ser que non peche ningunha outra explotación gandeira máis, e isto pasa por unha compensación económica que chegue ao valor real de mercado dos animais que son sacrificados. Con isto non abonda, con indemnizar e compensar, que é importante, polo que os afectados por un saneamento ou baleirado sanitario deben ter onde mercar vacas ou ovellas con garantías neste país, e isto é un verdadeiro problema, porque non existe un programa de recría público, e nós facemos unha emenda que vai precisamente neste senso, en instar unha compensación económica acorde e en instar a posta en marcha dun programa de recría no noso país que permita “vaca morta, vaca posta”, e evitar ter que acudir a outros territorios con menos garantías sanitarias.

1ª intervención de José Miguel Pérez Blecua, do Grupo Popular, comeza sinalando que desta vez non se tentou chegar a ningún por parte do Grupo Socialista, pero que en todo caso lle parece moi oportuna a emenda do BNG, e particularmente destaca o parágrafo que di que “non corresponde no ámbito político desta institución alimentar o debate técnico sobre as probas diagnósticas”. Estando completamente de acordo coa intervención, e para amosar a posición do grupo, entende que debe aclararse polo grupo propoñente as contías das perdas que figuran no texto da moción, así como as cifras das axudas, xa que entende que non se corresponden coa realidade. Para empezar sinala que cada vez que se da unha situación deste tipo, hai seis indemnizacións distintas. A primeira é o valor da carne dos animais sacrificados, que se negocia directamente cos matadoiros. A segunda é a indemnización polo sacrificio obrigatorio que se define nun real decreto do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cunhas táboas en función do animal e dos meses de vida. A terceira é o lucro cesante, no que a Xunta de Galicia foi pioneira e están copiando outras comunidades autónomas. A cuarta é a axuda para reposición de cincocentos euros e que se incrementa se se aposta por razas protexidas galegas. Outra indemnización é a que ven a través da lei de seguros agrarios e por último a limpeza e desinfección gratuíta que fai a Xunta de Galicia. Visto todo isto, as cifras que saen son moi diferentes ás que figuran na moción. Foi o PP o que esixiu ao Ministerio de Agricultura que subise ás táboas que figuran no real decreto citado, e a contestación do Ministerio ante esta reclamación de actualización de cifras contestou que había unha sobre compensación. Remata indicando que hai que gastar máis cartos en colaboracións cos laboratorios e en investigación.

2ª intervención de Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, na que manifesta que os datos que se recollen na moción son os que nos dan e igual non son exactos, e se os comparamos por exemplo con Asturias, están recoñecendo que hai que aportar cartos e non chegan. Eu non entrei nos medios de diagnose porque iso é unha cuestión regulada e do ámbito sanitario. Existe e se pode facer unha análise e comprobar os resultados que dan negativo nos animais, e existe a posibilidade de manter eses animais e non ter que facer un baleirado completo, e máis en Galicia onde temos un nivel de prevalencia inferior ao 0,02, polo que estamos libres de tuberculina.

2ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, sinala que as axudas son un galimatías, e hai unha evidencia, ninguén quere matar as vacas se están sans, e un baleirado sanitario é un auténtico drama e ninguén vai especular con isto. Houbo por parte do Ministerio acordos coas organizacións agrarias para aumentar as indemnizacións, polo que debemos adherirnos a iso, e moitas comunidades autónomas xa publicaron as que se van a implantar nos seus territorios mentres a nosa Consellería do Medio Rural aínda non publicou nada. Outra cuestión que non debemos esquecer é que temos un problema coa fauna salvaxe en moitos dos nosos territorios e a súa afectación na tuberculose. Por tanto, o fundamental é garantir a permanencia das explotacións e que a Consellería do Medio Rural poña en marcha o de “vaca morta, vaca posta”. Respecto á emenda, sinala que se o grupo propoñente non a admite, e co ánimo de non deturpar as propostas dos outros grupos, proceden a retirar a referida emenda e absteranse na votación da moción.

2ª intervención de José Miguel Pérez Blecua, do Grupo Popular, na que indica que a Xunta de Galicia é a única que desde fai anos pon cartos para a reposición dos animais, e o texto da moción refírese a cuestións sanitarias, cando aquí as competencias son todas do Ministerio ou da Unión Europea. Insiste en que as contías das indemnizacións están fixadas polo Ministerio, e ante a petición da Xunta de incremento, a resposta foi non. Respecto á emenda do BNG, comparte todo o exposto no argumentario pero se finalmente se vota, o voto sería en contra, porque a primeira proposta de acordo xa se fixo, e a segunda proposta foi contestada polo Ministerio. Remata indicando que na nosa comunidade autónoma xa existe un centro de recría pero cre que tamén habería que aumentar estas medidas, se ben a Xunta o está a compensar con importantes axudas económicas, como se dixo.

3ª intervención do Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, apunta, para rematar o debate que a emenda do BNG pode ter parte de razón, e aínda que se faga un baleirado sanitario non

se pode diminuír a prevalencia a cero, xa que o contacto coa fauna salvaxe no noso territorio parece inevitable.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), o voto en contra do Grupo Popular (12) e a abstención do BNG (3) e de DO (2).

13.- MOCIÓN DO BNG PARA UN NOVO MODELO ENERXÉTICO GALEGO QUE XERE EMPREGO E EVITE O ESPOLIO DOS RECURSOS NATURAIS PARA BENEFICIAR ÁS GRANDES ELÉCTRICAS EN DETRIMENTO DE GALEGOS E GALEGAS

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte: moción para un novo modelo enerxético galego que xere emprego e evite o espolio dos recursos naturais para beneficiar ás grandes eléctricas en detrimento de galegos e galegas. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: A enerxía, ao igual que os alimentos (por iso na UE se está agora a reclamar a Soberanía Alimentar, a "preferencia comunitaria" e as cláusulas espello) é un ámbito esencial e estratéxico para calquera sociedade pola súa relevancia na vida das persoas e no desenvolvemento económico e industrial. Máis aínda neste momento histórico, no que é preciso operar a nivel mundial unha gran transformación, na xeración e no consumo, que atenda a situación de emerxencia climática e acometa a descarbonización. Neste necesario cambio de modelo, Galiza ten un papel clave polo seu papel produtor de enerxía e de liderado renovable. Isto constitúe un valor para poder garantir o desenvolvemento social e económico do noso país e evitar a repetición dos erros cometidos no século XX, cun modelo centralista e sen planificación que deixou un importante impacto medioambiental, social e económico sen a debida compensación. É preciso, polo tanto, impulsar unha nova etapa a través dunha nova planificación pública, ordenada, democrática, consensuada e xusta que faga que o papel produtor de Galiza favoreza a transformación económica e a xustiza social no marco dun

novo modelo enerxético galego. Historicamente Galiza sufriu o impacto da falta de soberanía política no ámbito enerxético. É preciso recordar que o deseño actual foi imposto cunha óptica centralista e con decisións irreversibles tomadas mesmo durante a ditadura franquista, como a implantación da maioría da gran hidráulica. A día de hoxe, estamos a ver como a falta de planificación e ordenación está a lastrar o desenvolvemento renovable e a supoñer unha gran contestación social, cada vez máis transversal, pola súa colisión con outras actividades económicas, cos dereitos de participación da cidadanía e con outros ámbitos estratéxicos para actuar ante a crise climática. Neste ámbito, un dos elementos que dificulta a planificación é a atribución ao goberno do Estado, sen ningún criterio técnico, das instalacións superiores a 50MW, xerando duplicidades e distorsións nos procedementos. O necesario cambio do modelo enerxético supón riscos mais tamén supón enormes oportunidades que, nun momento clave, deben ser aproveitadas para impulsar desde o goberno da Xunta un novo modelo enerxético galego baseado en garantir que a riqueza dos recursos naturais do noso país reverta no noso desenvolvemento económico e social ao tempo que se preserva a biodiversidade e o medio ambiente. Neste contexto Galiza debe aproveitar o seu papel produtor. Segundo os datos que fixo públicos Red Eléctrica Española (REE) a comezos de 2024, Galiza exportou o 42% da produción eléctrica do ano 2023. Isto incrementa en máis de seis puntos a exportación do ano anterior, o ano 2022, e constitúe a cifra de exportación máis elevada de toda a serie histórica desde o ano 2011, data na que Red Eléctrica de España comezou a dar a coñecer os datos. Ademais, consolídase o papel de liderado de enerxía renovable de Galiza, pois a enerxía producida con renovables representa o 75,3% do total da produción. Ourense volveu ser en 2022 a segunda de España con maior produción hidroeléctrica, con 2.134 GWh. E no ano 2023, aínda sen datos consolidados no Ministerio para a Transición Ecolóxica, amósase, unha vez máis, o noso liderado na xeración hidráulica, e neste caso con cifras de record. Só entre os meses de xaneiro e abril producíronse 1.980 gigavatios/hora (GWh) nas centrais hidroeléctricas de Ourense, superando amplamente os 1.640 producidos en Salamanca, os 880 de Cáceres, os 875 de Lugo e os 877 de Valencia. As comarcas do País baixo a administración da Deputación de Ourense, son o territorio galego onde as eléctricas extraen case cinco veces máis recursos que os que consomen as e os ourensáns, sen ter unhas contrapartidas que melloren a situacións económica, demográfica e laboralmente a nosa poboación, mesmo sen contraprestación algunha polos impactos adversos e descontrolados. Nos últimos cinco anos, Ourense produciu catro veces máis electricidade que a Comunidade

de Madrid, aínda que consumiramos ata 25 veces menos que na capital do Estado. Consolidase o noso carácter de produtor excedentario, que segue a ser a encargada de abastecer a grandes territorios de presenza industrial mediante a explotación dos seus recursos naturais. Aquí concéntranse 25 dos 45 grandes encoros de gran hidráulica (>10 MW) que hai en Galiza. Un claro exemplo de como a expansión enerxética sen unha planificación acorde coas necesidades da poboación e cos interese de galegas e galegas levou a desertizar unha parte importante do país e non serviu para fixar poboación. E a todo iso compre engadir a ampla rede de liñas de transporte que cruzan Galiza. Levamos 60 anos producindo o 70 % da enerxía hidroeléctrica de Galiza sen que isto teña repercutido en sentido positivo. Agora súmanse novos proxectos no eido hidráulico como son os de Castro Caldelas ou Castadón ou máis recentemente o intento de crear unha megabalsa en Castrelo de Miño, no Ribeiro, e que afectaría ao principal motor económico da comarca. E a pesar de toda esta riqueza hidroeléctrica non nos libramos de asistir ao baleirado negligente dos encoros para aumentar o lucro das eléctricas, que non respectaron o caudal ecolóxico establecido, ante a inacción das administracións, vulnerando dun xeito claro a directiva europea da auga e tendo un impacto certo sobre a flora e a fauna. E mesmo como apuntaron varios medios xerando un perigo na extinción de incendios ao obrigar a hidroavións a buscar novos espazos para realizar cargas, a máis quilómetros. Ourense ten, desde os anos 2000, un total de 6 parques eólicos (máis 1 catalogado de singular) e outros 5 compartidos coa provincia de Pontevedra. Repartidos en 14 concellos e que contan con 299 pas aeroxeradoras. A modificación do Plan Eólico permitiría 12 novos parques, e asistimos nos últimos 2 anos á proliferación indiscriminada de iniciativas de empresas que teñen solicitado a súa implantación. E aos parques eólicos que a mobilización veciñal paraliza, como aconteceu co parque previsto en Baltar, Calvos de Randín e Os Blancos onde se presentaron 1756 alegacións veciñais que mostraban a súa oposición, xorden outros novos proxectos eólicos que xeran novas mobilizacións veciñais como ao parque "Avoceta Wind" que afecta aos concellos de San Cristovo de Cea, Vilamarín, Coles e Ourense mentres as institucións se manteñen á marxe das inquiredanzas veciñais e gardando inasumibles silencios. A evolución na facturación da eólica galega é exponencial, especialmente nos anos 2021 e 2022, segundo datos do Observatorio Eólico de Galicia. Outra ameaza (agochada en estes momentos) é interese especulativo de empresas interesadas en aproveitar os nosos montes (prioritariamente os CVMC) para a instalación de polígonos fotovoltaicos. E a pesar de que o noso territorio, tanto o galego en xeral como o conformado

polas comarcas ourensás en particular son espazos con alta produción eléctrica, tanto hidráulica, como eólica e mesmo fotovoltaica, e padecer os impactos sociais, económicos e medioambientais a nosa veciñanza aínda padece unha das facturas eléctricas máis caras do Estado español. Así, con estes agravios e a pesar da riqueza que se produce no noso país, a Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) sacaba a luz en decembro de 2023 os datos de pobreza enerxética en Galiza sinalando que o impacto da pobreza enerxética disparábase o ano anterior en Galiza ao maior nivel en dúas décadas, afectando practicamente a un de cada cinco fogares; o 19,1% dos fogares galegos recoñeceron na enquisa de condicións de vida elaborada polo INE que non poden manter unha temperatura axeitada nos seus fogares. Un aumento do 40% de incremento anual, a maior subida de todas as comunidades e o que a nivel concreto supón 209.300 familias galegas, compostas por 514.000 persoas. Téñase moi seriamente presente que o sinalado termo "pobreza enerxética" non se retire a un malestar térmico, senón a unha situación que está a ter consecuencias adversas sobre a saúde, como enfermidades respiratorias, cardíacas e, mesmo enfermidades mentais exacerbadas polas baixas temperaturas e o estrés. Tamén sen esquecer os centos de accidentes que se producen todos os anos por mor de empregar sistemas de calefacción pouco axeitados para aforrar nun ben excedentario en Galiza como a enerxía eléctrica, que porén non é tarificado acorde a realidade do País no que vivimos cunha Tarifa eléctrica galega. Galiza está a tempo de liderar unha nova etapa de transformacións que aposte polo control social e público do sector enerxético para garantir que o acceso á enerxía é un dereito esencial e deixa beneficios no noso país ao tempo que avanzamos no aforro enerxético, na xeración descentralizada e distribuída e na democratización da enerxía. O Estatuto de Galiza, aprobado en 1981, establece as competencias que poden ser propias do goberno galego no Título 11, artigo 27, punto 12: Aproveitamentos hidráulicos, canais e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22 da Constitución. punto 13: Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, cando este transporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte a outra provincia ou Comunidade Autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 25 da Constitución. Así mesmo a Constitución Española de 1975, establece no Título VII, no artigo 128. 1. Toda a riqueza do estado nas súas distintas formas e sexa cal for a súa titularidade está subordinada ao interese xeral. 2. Recoñécese a iniciativa pública na actividade económica. Mediante lei poderase reservar ao sector público recursos ou servizos esenciais, especialmente

en caso de monopolio e así mesmo acordar a intervención de empresas cando así o esixir o interese xeral. Ternos exemplos en toda Europa da iniciativa pública en empresas enerxéticas: Francia posúe o 80% da empresa pública EDF, Italia mantén o 23,6% da empresa ENEL, ou Noruega coas empresas públicas Equinor e Statkraft. Mención a parte merece o caso de Suecia, na que a maiores da empresa enerxética (Svenska Kraftnat) 100% pública, hai entidades locais, como o concello de Goteborg que ten unha empresa enerxética propia. Curiosamente algunhas delas (e as súas filiais) son promotoras de proxectos eólicos e fotovoltaicos en Galiza. De conformidade co establecido no artigo 36 da LRBRL, que establece que as Deputacións Provinciais teñen entre as súas atribucións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas nese ámbito. Polo que lle compete a promoción activa na defensa da poboación e tecido económico ante o resto de institucións. Por esta razón compre unha política enerxética a estas premisas e a unha nova concepción da enerxía que facilite cambios no sistema económico e social, contribuíndo a que a produción eléctrica cumpra unha función elemental no desenvolvemento económico e na xeración de emprego e riqueza na Galiza e especialmente en Ourense. ACORDOS: 1. Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dunha Lei para a creación da Empresa Pública de enerxía renovable de Galiza, que cumpra cos criterios definidos en esta exposición de motivos. 2. Tomar o acordo plenario correspondente na Deputación Provincial de Ourense para mostrar a disposición a participar no accionariado da citada Empresa Pública de enerxía renovable. 3. Demandar da Xunta de Galiza e do Goberno Central a reversión das centrais hidráulicas con concesións caducadas (así como as que sucesivamente vaian caducando) para a súa xestión pública galega, acompañado da transferencia das competencias en ríos e enerxía e conseguintemente das Confederacións Hidrográficas correspondentes. 4. Demandar do estado central unha minoración das peaxes de acceso para as subministracións eléctricas situadas en territorios con excedente de produción a través da posta en marcha dunha Tarifa Eléctrica específica para Galiza que permita una discriminación positiva para consumidores domésticos e especialmente para as empresas asentadas ou que así o fagan en Galiza, unha modificación e a modificación da Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía. 5. Demandar da Xunta de Galicia a creación de ferramentas de participación local nos proxectos de xeración enerxética. 6. En todas as decisións que dependan desta Deputación Provincial no

que ten que ver con licenzas, permisos ou autorizacións para a explotación dos nosos recursos naturais por parte de empresas privadas, prevalecerán aqueles proxectos que aposten polo impulso da economía local, baseado na xeración de traballo nas comarcas de instalación do proxecto enerxético. 7. Esixir a todas as administracións competentes (Estado e Comunidade Autónoma) en materia de regulación enerxética, que se estableza un novo Plan Sectorial Eólico con criterios de preservación do noso territorio dende un punto de vista social, medioambiental e patrimonial. E que ao tempo os beneficios obtidos dos recursos naturais (nomeadamente a auga e o vento) que son de toda a veciñanza de Ourense, revertan na poboación local tanto mediante os pagos directos aos propietarios, os tributos aos Concellos e o desenvolvemento de Plans Industriais e tarifas enerxéticas propias que favorezan o desenvolvemento do territorio da Provincia. 8. Instar á Xunta de Galiza a corrixir as deficiencias do canon eólico e do Fondo de Compensación ambiental, nomeadamente: calculando o canon eólico deberá en función da potencia instalada, non do número de aeroxeradores. E modificación do Fondo de Compensación Ambiental para garantir a transparencia e obxectividade da totalidade do recadado e que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, fai uso da palabra para sinalar que esta moción non servirá para nada, pero ten moita importancia o asunto que trata. Non debemos esquecer a nosa gran riqueza na produción hidroeléctrica e da que non recibimos nada a cambio. Hai máis de cen razóns para contradicir a exposición do BNG, porque hai xente máis cualificada que ten outras ideas ao respecto. A continuación comeza a nomear unha serie de expolíticos que agora están nos consellos de administración de grandes compañías enerxéticas. Esta xente sabe máis que nós. É unha guerra perdida. A nosa provincia produce moitísima enerxía e nunca lle sacamos rendemento ningún, e os que molestamos somos os veciños e veciñas, e as grandes compañías eléctricas o que queren é que non quede ninguén na nosa provincia.

1ª intervención de Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, comeza sinalando que fronte aos abusos temos que defender aos bos políticos e á xustiza social. Sinala que este é un debate moi interesante, se ben os foros máis axeitados quizás sexan os parlamentos europeos, estatal ou galego. Engade que a moción é moi densa, e respecto ás propostas de acordo vaise a pronunciar a continuación, matizando previamente que debemos ir cara un modelo enerxético

que garanta que os recursos do noso país revertan no noso desenvolvemento económico e social, e preserve a nosa biodiversidade e o noso medio ambiente. Sobre a proposta de creación dunha empresa enerxética pública galega entenden que este novo ente non aseguraría a solución. Respecto a demandar a reversión das centrais hidráulicas con concesións caducadas e a que a Xunta asuma a xestión pública nós xa temos manifestado que as confederacións hidrográficas son un organismo útil na defensa dos ríos. Xa propuxemos no seu momento unha moción para instar ao goberno á constitución dunha entidade pública empresarial con sede en Ourense para a xestión das centrais hidroeléctricas localizadas en todo o Estado. Sobre a minoración dos peaxes de acceso é unha cuestión moi técnica e a estudar. Estamos a favor de instar á Xunta de crear ferramentas de participación local nos proxectos de xeración enerxética. Tamén estamos a favor sobre as seguintes propostas relativas ás decisións da Deputación relativas a proxectos que teña que autorizar, e sobre o apoio ao ámbito local e as políticas con perspectiva de solidariedade. Sobre as propostas relativas ao canon eólico e ao fondo de compensación ambiental tamén estarían a favor, sen prexuízo de que habería que desenvolvelo.

1ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, comeza a súa intervención indicando que este é un debate moi interesante e que o grupo do BNG son os que avanza moi pouco neste eido, e levan desde o ano 2009 e seguen instalados nesa empresa pública e tarifa galega. Neste tempo a Xunta de Galicia avanzou moito. Na pasada lexislatura creouse unha sociedade mixta na que participa a Xunta para participar nos proxectos renovables eólicos e fotovoltaicos da súa competencia (potencia inferior a 50 MGW), e o BNG votou en contra desta medida no Parlamento de Galicia. Lembra que o bipartito do BNG adxudicou moitos proxectos eólicos que criticaba na oposición. Os exemplos de empresas públicas doutros países non son un bo exemplo, xa que moitos destes países teñen un prezo da enerxía superior ao noso, como é o caso de Francia. Ningún proxecto se vai autorizar senón ten todas as garantías técnicas, xurídicas e ambientais. Lembra que a nova sociedade mixta que se crea pola Xunta e na súa lexislación contéplase que os proxectos prioritarios van repercutir no territorio o 2,5 dos beneficios que xeren. Hai que poñer enriba da mesa que as concesións caducadas das centrais hidráulicas non chegan a 30 MGW polo que a Demarcación de Galicia Costa, que é única que é competencia da Xunta, que empresa pública podería crear, lembrando que cando caducou a concesión máis importante da nosa provincia, que é o encoro dos Peares, foi prorrogada cincuenta anos máis polo Goberno Socialista de Zapatero. Sobre a

proposta da tarifa galega, sinala que se fixo un estudo no Parlamento de Galicia, e de dez expertos que se trouxeron, só un se amosou a favor desta tarifa propia, porque se entendía que podería saír incluso máis cara, xa que en ocasións se ten que traer enerxía doutros lugares, porque non somos autosuficientes. Hai que avanzar en enerxía renovables, e como non se pode almacenar, non nos sae a conta co sistema marxinal que temos establecido. A Xunta aprobou unha lei de medidas que complementaba o bono social, e o BNG votou novamente en contra. O bipartito gobernou co mesmo Plan sectorial eólico que tiña o PP e lembra que as declaracións de impacto ambiental por exemplo do ano pasado foron máis as desfavorables que as favorables, o que amosa que só se autorizan os que teñen todas as garantías.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, na que expón que comparte co voceiro de DO que a composición dos consellos de administración das grandes compañías enerxéticas, pode ter algo que ver coas decisións que se toman no Estado. Engade que en moitas ocasións, e nestes temas en concreto, os gobernos do PP e do PSOE soen chegar a moitos acordos e adoptar políticas moi similares. O 10 de abril de 2024 a Deputación desde a vicepresidencia de Fempembales manifestou que os concellos recadan menos que en anos anteriores, mentres as empresas eléctricas teñen beneficios multimillonarios. Sobre a empresa mixta creada pola Xunta, ten 34 socios, dos que 33 son privados, e a porcentaxe da Xunta é do 30% e unha achega de 15 millóns de euros. As necesidades enerxéticas de Galicia son comparables ás de Noruega, polo que a empresa pública é perfectamente viable. Muras, é o concello galego con máis aeroxeradores, e só xerou cinco postos de traballo. Iberdrola no 2021 pechou o centro de control de encoros da Rúa para levalo a Salamanca. Deslocalizamos os postos de traballo e os beneficios non se pagan no noso territorio. O noso modelo enerxético foi o principal causante de que nos botaran do goberno da Xunta de Galicia.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, insiste en que debemos defender os intereses da provincia de Ourense, que é unha grande produtora de enerxía sen recibir case nada a cambio. A enerxía ten tres sectores principais, a xeración, a distribución e o transporte, e a venda. Resulta que o verdadeiro negocio está no transporte e distribución, polo que nós somos unha molestia se estamos aquí. As grandes cinco empresas enerxéticas forman un oligopolio e en España pagamos a enerxía un 8% máis cara que en Europa. Hai que rematar coas portas xiratorias.

2ª intervención de Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, nesta quenda comeza indicando que á señora vicepresidenta nótaselle que foi parlamentaria en Santiago, porque

aínda trae o manual de alí para debater, e cada pouco saca “o bipartito”. Por último pídlle ao BNG a votación por puntos, xa que estarían en disposición de votar algúns deles, pero senón é así absteranse na votación da moción.

2ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, nesta quenda manifesta que ningún dos que está aquí quere que nos exploten nin que o prezo da enerxía sexa tan elevado. Sinala que as alusións ao bipartito non se poden obviar porque foi un goberno, pero igual os propios membros do BNG ou o PSOE non están moi orgullosos daquel goberno galego. Cando gobernaron nin mudaron o canon eólico nin foron capaces de dar nin un euro para os concellos afectados, tendo que ser o goberno do PP o que sacou adiante o fondo de compensación ambiental e o canon eólico para os concellos. Por exemplo o citado concello de Muras recibe anualmente 600.000,00 € polo canon eólico.

3ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, na que comeza indicando que o vento tamén o hai na Comunidade Autónoma de Madrid e alí non se instalou un só aeroxerador. Ao final pretendemos que os recursos naturais do noso país se preserven, e en todo caso repercutan aquí, nos nosos concellos e na nosa veciñanza, lembrando os proxectos eólicos singulares que o bipartito tiña en marcha e que foron tumbados polo goberno do PP. Non somos quen de controlar os nosos recursos co marco actual, e é moi preocupante que se produza esta situación en Galicia, o que se asemella moitísimo ao colonialismo.

Sr. Presidente intervén para precisar que existen infraestruturas eólicas en moitas partes do Estado Español ao igual que paneis solares. Ninguén dos que está aquí defende as portas xiratorias, pero máis medo me dá o modelo de función pública de DO, que pretende meter asesores e persoal de confianza en determinados postos de traballo en prexuízo dos funcionarios, que defenden o interese público. Sobre a perda de poboación da provincia, sinala que o que goberna na capital da provincia tamén terá parte de culpa, porque está nunha situación similar, xa que gobernan a un de cada tres ourensáns.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (3) e de DO (2), o voto en contra do Grupo Popular (12) e a abstención do Grupo Socialista (7).

14.- MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN A PETICIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA DE ILUNION – OURENSE CO FIN DE RESPALDAR AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ILUNION EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS E EVITAR O PECHE DESTA EMPRESA

O Sr. presidente expón o contido da moción:

Os Grupos provinciais na Deputación de Ourense do Partido Popular, Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Democracia Ourensana presentan a seguinte moción a petición do Comité de Empresa de ILUNION - OURENSE, CO FIN DE RESPALDAR AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ILUNION EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS E EVITAR O PECHE ESTA EMPRESA. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. Recentemente Ilunion-Once despediu en Ourense a 7 traballadores e pretende trasladar a 4 a Ribadavia sobre un cadro de persoal de 40 persoas. Uns despedimentos inxustos, pero detrás dos que se agocha o desmantelamento progresivo do centro especial de emprego de Ourense, un centro que chegou a xerar 140 postos de traballo para persoas con discapacidade na nosa Provincia, dentro do sector industrial. A Dirección de Ilunión en Ourense ten trasladado en numerosas ocasións que non conta co Centro Especial de emprego en Ourense aos representantes dos traballadores e traballadoras, que este está abocado ao peche. E así, todos os pasos que está dando van nesa dirección, agora co despedimento dunha parte considerable do cadro de persoal, escudándose na falta de actividade, cando a propia empresa non fai busca activa de proxectos para o seu Centro de Inxección en San Cibrao das Viñas. Tendendo a converterse nunha mera ETT de servizos a terceiros. Mentres, seguen a acollerse ás importantes axudas públicas das que dispoñen os Centros Especiais de Emprego. As persoas con discapacidade teñen difícil inserción no mundo laboral, mais aínda na nosa provincia, de aí a necesidade de contar en Ourense cun centro especial de emprego con postos de traballo ligados ao sector industrial. O despido de 7 traballadores, todos eles en situación de baixa médica, supón un paso máis, no anunciado desmantelamento de Ilunión en Ourense, deixando ao persoal despedido en situación de baixa, enfermos e sen posibilidade de buscar traballo a curto prazo nun mundo laboral que en moitos casos ten as portas pechadas para as persoas con discapacidade. Apelamos á sensibilidade do grupo ONCE como accionista de referencia da empresa ILUNION, non é de recibo que se pretendan pechar as instalacións propias que

actualmente funcionan en San Cibrao das Viñas, mentres a mesma empresa en Vigo xera 400 empregos no mesmo sector, sendo como é que esta sección naceu con posterioridade ao propio centro de Ourense. Neste sentido, dende o comité de empresa de ILUNION-Ourense traballamos pola readmisión do persoal inxustamente despedido e solicitamos ás administracións e grupos políticos o respaldo para demandar a continuidade dun centro especial de emprego ligado ao sector industrial en Ourense, unha provincia que se verá unha vez mais agravada en comparación co resto dos territorios. Porque é necesario facilitar a inserción social das persoas con discapacidade e mais nunha provincia como Ourense. Temos a obriga social, moral e ética de impedir o peche da planta de ILUNION no Polígono de San Cibrao das Viñas e o mantemento e incluso incremento dos postos de traballo a ela ligados, estando ao carón daquelas persoas que por riba da súa discapacidade desexan aportar o seu digno traballo á sociedade ourensá. ACORDOS: A Deputación provincial de Ourense e todos os grupos políticos con representación na mesma: - Instamos a ILUNION-ONCE, a garantir o mantemento das instalacións que actualmente funcionan en San Cibrao das Viñas. - Así mesmo instamos á empresa ILUNION ONCE ao mantemento, recuperación e incremento dos postos de traballo no sector industrial de Ourense ligados ás persoas con discapacidade no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas. - Así mesmo instamos a ILUNION ONCE á readmisión do persoal recentemente despedido.

Non se producen intervencións e, por maioría e co voto favorable de todos os asistentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instamos a ILUNION-ONCE, a garantir o mantemento das instalacións que actualmente funcionan en San Cibrao das Viñas.
- Así mesmo instamos á empresa ILUNION-ONCE ao mantemento, recuperación e incremento dos postos de traballo no sector industrial de Ourense ligados ás persoas con discapacidade no

15º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

16º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de marzo de 2024.

Os membros da Corporación quedan informados.

- Dación de conta do informe de avaliación do Plan Estratéxico de subvencións 2019-2023.
- Dación de conta das modificacións no Plan CoperoOU a instancias dos concellos.
- Informe dos resultados do control interno da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2023.

17.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista. Unha vez vista as solicitudes iniciais do Concello de Toén para incluír no Programa CooperOU 2024, e que posteriormente foron modificadas, das que mesmo se dá conta neste pleno da Deputación e aceptadas na Xunta de Goberno do pasado 2 de abril de 2024, onde se incorpora un investimento denominado “novo campo de fútbol de herba artificial” cun orzamento de 29.256,00€, e atendendo ao publicado na Base 5ª reguladora do programa CooperOU onde se indica que “as obras incluídas no plan deberán ser obras completas”. Esta modificación aceptada cumpre coa normativa recollida nas bases do Plan CooperOU destinando parte do orzamento a unha fase do proxecto do campo de fútbol?

O Sr. presidente contesta que o xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio emite un informe técnico que abreviadamente di: “Que a base quinta do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024 esixe que as obras incorporadas a aquel constitúan obras completas, entendendo por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente consonte co disposto no artigo 13.3 da LCSP.

Consecuentemente, verbo da actuación denominada “Novo campo de fútbol de herba artificial” incorporada ó plan provincial a instancias do Concello de Toén cun orzamento total de 29.256,00 €, unha achega provincial de 29.256,00 € e unha achega municipal de 0,00 €, o dito investimento resultaría compatible coas bases do plan”.

Remata dicindo que se lle entregará o informe técnico completo.

Bernardo Varela López, do BNG. Con data 16 xaneiro 2024 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais publica resolución pola que se somete a información pública a autorización do parque eólico Avoceta Wind e que afecta nas súas liñas de evacuación aos concellos de San Cristovo de Cea, Vilamarín, Coles, O Pereiro de Aguiar e Ourense. Presentou a Deputación de Ourense alegacións ao citado proxecto?. O goberno provincial desta Deputación ten criterio ou posición ao respecto deste proxecto eólico?

O Sr. presidente contesta que dende a Deputación non se realizou ningunha alegación ao proxecto. E á segunda pregunta contesta que a Deputación estará de acordo con este proxecto eólico sempre que cumpra os requisitos xurídicos, técnicos e ambientais que sexan necesarios para a realización deste.

Bernardo Varela López, do BNG. O punto limpo da comarca do Carballiño ten establecido un horario de recollida ao público de 12 h a 14 h. Este horario non se adapta ás necesidades de boa parte da veciñanza da contorna para o depósito de residuos para a súa reciclaxe. Sería posible a reconsideración dos horarios para adaptalos a outros máis adecuados con incorporación de atención e recollida en horario tamén de tarde?

O Sr. presidente contesta que é consciente das protestas dos concellos ao horario dos puntos limpos e que se están a estudar fórmulas para ampliar os ditos horarios sen gravar ao servizo, e dálle traslado do informe técnico realizado pola xefa do Servizo de Augas e Medio Ambiente, dona María Sabas Álvarez.

Bernardo Varela López, do BNG. En que situación se atopa o Pazo de Vilamarín, propiedade da Deputación Provincial de Ourense? Ten o grupo de Goberno algún plan ou iniciativa para o seu mellor aproveitamento?

O Sr. presidente contesta que é verdade que neste momento non ten actividade pero, segundo o informe técnico elaborado polo director da Área de Cultura e Deporte, do que se lle dará traslado, estase a pór en marcha un proceso de análise para darlle contido ao Pazo de Vilamarín no ámbito da Cultura coa idea de dinamizar tanto o espazo como o contorno, poñendo en valor diferentes disciplinas creativas e culturais coa idea de activar o funcionamento das instalacións o antes posible.

Xosé Manuel Puga González, do BNG. Con data 19 de febreiro 2024 por resolución da presidencia declárase deserto o expediente de adxudicación do servizo de control de calidade das obras que realice a Deputación Provincial de Ourense. Como se vai resolver este tema para que as obras da Deputación continúen a contar co control de calidade?

O Sr. presidente contesta que, segundo o informe técnico realizado pola directora da Área de Infraestruturas, do que se lle dará traslado, estase a traballar na redacción dunha nova proposta de contratación para o servizo de control de calidade das obras externas na rede provincial de estradas. Non obstante ao anterior compre aclarar que a Deputación de Ourense conta cun laboratorio propio que permite este control interno para os principais materiais empregados na rehabilitación de firmes e as unidades de obra mais frecuentes. O servizo que se contrata apoia e complementa o traballo deste laboratorio.

Xosé Manuel Puga González, do BNG. Con data 06 de febreiro 2024 por resolución da presidencia declárase deserto o expediente de adxudicación do servizo de xestión (recollida en punto limpo, transporte e entrega a xestor) de residuos plásticos agrícolas recepcionados nos puntos limpos da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2024. Como se vai resolver este tema?

O Sr. presidente contesta que, segundo o informe técnico realizado pola xefa do Servizo de Augas e Medio Ambiente e do que se lle dará traslado, dada a necesidade de dispor de xestor autorizado, na actualidade, déuselle traslado para que se inicie a fase de invitación a diferentes Cías. mercantís, que teñen acreditación como transportista autorizado para o código LER (02 01 04) correspondente os residuos plásticos agrícolas, á espera de continuar co procedemento iniciado. E contesta, en relación a que se está a facer a día de hoxe cos residuos que esta administración está a prestar este servizo, e para iso no informe faise un relatorio das actuacións levadas a cabo no procedemento de contratación para a xestión (recollida no punto limpo, transporte e entrega a xestor) desta tipoloxía de residuos, recepcionados ou ben, nos puntos limpos da Deputación Provincial de Ourense ou ben, localizados en diferentes zonas de provisión temporal.

Xosé Manuel Puga González, do BNG. O pasado 24 de xaneiro de 2023 o xornal La voz de Galicia facíase eco dunha colaboración da Deputación co Concello de Ribadavia para a realización dunha senda peonil dende Ribadavia as termas de Prexigueiro. Dende que foi publicada a nova ata o día de hoxe non se sabe nada do dito proxecto. Cal é o motivo de que ese proxecto non se levara a cabo? cando se executará dita obra?

O Sr. presidente contesta que, segundo o informe técnico realizado pola xerente do Inorde e do que se lle dará traslado, o “proxecto de Humanización zona A Ribadavia casco vello-ponte ferrocarril en Camiño da Barca” foi recepcionado en data 25 de marzo de 2024, en data 2 de abril de 2024, obtivo informe favorable dos servizos técnicos da Deputación de Ourense e en

data 14 de marzo de 2024 foi remitido ao Concello de Ribadavia para tramitación das autorizacións pertinentes. Unha vez obteña as autorizacións sectoriais correspondentes procederase a convocar o procedemento aberto para a adxudicación da obra por valor de 151.962,00 euros. O concello de Ribadavia dispón do documento Plan Director, para continuar na busca de financiamento e avanzar neste proxecto que é de ampla envergadura.

Xosé Manuel Puga González, do BNG, formula un rogo no sentido de que ante os problemas de circulación que suceden cada inverno na estrada de montaña entre Teimende e Vilariño Frío (na estrada OU 0604 titularidade da Deputación Provincial) xa que conta cunha sinalización mellorable, rogamos se solicite á Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense, en colaboración coa Deputación, a realización dun estudo para mellora da súa sinalética.

O Sr. presidente contesta que dará traslado deste rogo á Área de Infraestruturas.

Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, di que os concellos teñen a obrigatoriedade de realizar a acreditación ENS, Esquema Nacional de Seguridade, sobre infraestruturas informáticas, e pregunta se a Deputación estaría en disposición de asesorar ou prestar asistencia técnica aos concellos, e se é así, rogaría que se fixera.

O Sr. secretario di que a Deputación está a traballar en acadar a dita acreditación e buscaríase a vía para asesorar aos concellos.

Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, di que se caeu un muro na rúa da Marquesa que fai que estea a estrada cortada e, como cre que é propiedade da Deputación, fai o rogo de que se arranxe.

O Sr. presidente contesta que dará traslado deste rogo ao servizo que proceda.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url -

<https://depourense.seneca.tv:443/s/6wzRD1GGnTdOVytCu3MrcTWwSLvX2cXYIqzssBsAEdPRVI4Q.wmv>

SHA512 - f0989184f3b6224216694327eabd9c9f0035d7916476d1065bb7337795f9b4c48fee9f8765acf0040a08317159336991403daf2bd5140f9a2caa646e5b5a434

E, ás catorce horas e corenta e oito minutos dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.